

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

IES CASTELAO - VIGO

(Aprobado en Claustro o 14 de outubro de 2009 e no Consello Escolar o 15 de outubro de 2009)

INDICE

1. Presentación

- 1.1. Proxecto educativo
- 1.2. Contorno do IES Castelao
- 1.3. Características xerais do IES Castelao

2. Principios e obxectivos educativos

- 2.1. Principios e valores educativos
- 2.2. Obxectivos educativos
- 2.3. Metodoloxía

3. Estrutura da oferta educativa

- 3.1. ESO
- 3.2. Bacharelato

4. Organigrama

- 4.1. Órganos de goberno
 - 4.1.1. Unipersoais
 - 4.1.1.1. Competencias do Equipo directivo
 - a) Competencias do director/a
 - b) Competencias do Xefe/a de Estudos
 - c) Competencias do Secretario/a
 - d) Competencias do Vicedirector/a
 - 4.1.2. Colexiados
 - 4.1.2.1. Consello Escolar
 - 4.1.2.2. Claustro de profesores
- 4.2. Órganos de Coordinación docente
 - 4.2.1. Comisión de Coordinación Pedagóxica
 - 4.2.2. Os departamentos didácticos
 - 2.2.1. Departamento de Orientación
 - 2.2.2. Departamentos de Coordinación didáctica
 - 4.2.3. Equipo de Normalización Lingüística
 - 4.2.4. Departamento de actividades complementarias e extraescolares

4.3. Condicións de funcionamento dos órganos colexiados

4.4. Funcións do profesorado

4.5. Funcións do profesor/a titor/a

4.6. Gardas

4.7. Servizo de Biblioteca

4.8. Persoal non docente

4.9. O alumnado

5. Recursos

5.1. Recurso materiais

5.2. Recursos humanos: profesorado e persoal non docente

6. Avaliacións e criterios

6.1. Avaliación da actividade docente

6.2. Avaliación do alumnado

6.2.1. Avaliación do alumnado da ESO

6.2.2. Avaliación do alumnado de Bacharelato

7. Temas transversais

8. Normas de relación cos alumnos

9. Normas de relación cos pais

10. Marco Lexislativo

ANEXOS

Regulamento de Réxime Interno

Plan TIC

Plan Convivencia

PROXECTO EDUCATIVO DE CENTRO

1. Presentación

1.1. Proxecto Educativo

O proxecto dun Centro Educativo, segundo a lexislación vixente, é o conxunto de ideas e decisións asumidas por toda a comunidade escolar, referidas ás opcións educativas básicas, onde se define o modelo educativo, e á organización xeral do Centro.

Este documento pretende ser unha exposición das intencións educativas, da organización e do regulamento que servirá de marco e orientación para a actividade educativa no IES Castelao de Vigo. Se pretende, polo tanto, que o Centro funcione como unha Comunidade Educativa e terá as seguintes características:

- **Estabilidade.** Que permita aos alumnos do noso Centro seguir o seu proceso educativo con criterios estables, aínda que suxeitos ás variacións que as circunstancias poidan impoñer.
- **Unificador do proceso educativo.** Dando coherencia ao traballo que todos e cada un dos membros da Comunidade Educativa realizan, garantindo a súa necesaria coordinación.
- **Integral e vinculante.** Por canto que compromete en todos os seus aspectos a todos os membros da Comunidade Educativa.
- **Aberto e flexible.** É un documento de reflexión e de avaliación permanente da práctica educativa. Poderá ir evolucionando e adaptándose ás novas necesidades e ás orientacións que a Comunidade Educativa vaia dando.

Neste documento tamén se pretende, en interese da calidade do noso ensino, asegurar a cada alumno/a as oportunidades suficientes para conseguir os coñecementos e as destrezas esenciais, así como lograr a motivación do alumnado e avaliar o control da eficacia tomando como referencia o rendemento obtido polos alumnos/as. Cobra, pois, especial interese o traballo do profesorado que será o encargado de pormenorizar os obxectivos e contidos así como os medios para alcanzalos, sempre referidos ao seu contexto específico.

Esta concreción e desenvolvemento fará necesaria a elaboración deste proxecto curricular, referente fundamental para a elaboración das programacións didácticas nas que se expresarán os procesos educativos que cada departamento e cada profesor/a se propoñen desenvolver nos seus grupos e clases, concretándose nas unidades didácticas.

1.2. Contorno do I.E.S. Castelao

O I.E.S. Castelao está situado no barrio de O Calvario da cidade de Vigo, rúa Aragón, 22, 36206-Vigo. É un barrio en expansión e con gran crecemento.

A maior parte das familias desenvolven a súa actividade nos sectores secundario e terciario. Conta tamén cunha importante porcentaxe de poboación inmigrante que se traduce no alto porcentaxe de alumnos inmigrantes matriculados no Centro. A modo de

exemplo no curso 2008-2009 temos un 20,97 % de alumnos/as de orixe estranxeiro matriculados na ESO e un 12,20 % matriculados no Bacharelato.

1.3. Características xerais do I.E.S. Castelao

O I.E.S. Castelao é un centro público de Ensino Secundario Obrigatorio e Bacharelato dependente da Xunta de Galicia, cunha capacidade para uns 800 alumnos/as de idades comprendidas entre os 12 anos (1º E.S.O.) e os 17-18 anos (2º de bacharelato).

Imparte, en réxime ordinario, a Educación Secundaria Obrigatoria (E.S.O.) e dúas modalidades de bacharelato - o de Ciencias e Tecnoloxía, e o de Humanidades e Ciencias Sociais-. A distribución por niveis de ensino ordinario é a seguinte:

Niveis	Número de grupos
1º ESO	3
2º ESO	3
3º ESO	3
4º ESO	3
1º BACHARELATO	5
2º BACHARELATO	4

Ofrece, tamén, a ensinanza en réxime de adultos tanto en Bacharelato - na modalidade de Ciencias e Tecnoloxía e na modalidade de Humanidades e Ciencias Sociais -, como na E.P.A. (nivel III e IV de Educación Secundaria Obrigatoria).

Ten adscritos dous centros de Ensino Infantil e Primaria: o C.E.I.P. Pombal e C.E.I.P. A Dobrada.

No curso 2009-10 traballan nel 67 profesores, 3 administrativos, 4 conserxes e 3 persoal de limpeza e 1 persoal non docente de apoio a unha alumna con necesidades educativas especiais.

O centro conta cunha superficie construída de 4042 m², distribuída do seguinte xeito:

PLANTA BAIXA :

Superficie total : 1032'30 m² + 66 m² de soportais
<ul style="list-style-type: none">• Despachos do equipo directivo.• Secretaría/oficinas.• Biblioteca.• Despacho do Departamento de Orientación.• Sala de reunión da Asociación de Pais.• Sala de titorías.• Conserxería.• Sala de profesores.• Salón de actos.• Sala de caldeiras.• Sala para o persoal limpeza.• Arquivo• Servizos profesores/as, alumnos/as e discapacitados.

PLANTA PRIMEIRA:

Superficie total : 1034'80 m²
<ul style="list-style-type: none">• 11 aulas de grupo.• Aula de vídeo I.• Aula de debuxo e plástica.• Servizo de alumnos.• Servizo de alumnas

PLANTA SEGUNDA:

Superficie total : 1023'30 m²
<ul style="list-style-type: none">• Departamento de lingua e literatura galega.• Departamento de lingua e literatura castelá.• Departamento de inglés.• Departamento de clásicas.• Departamento de xeografía e historia.• Aula de plástica.• Aula de informática.• Aula de n.e.e.• 9 aulas de grupo.• Servizo de alumnos• Servizo de alumnas.

PLANTA TERCEIRA:

Superficie total : 1023'30 m²
<ul style="list-style-type: none">• Departamento de matemáticas.• Departamento de bioloxía e xeoloxía.• Departamento de física e química• Laboratorio de bioloxía.• Laboratorio de xeoloxía.• Laboratorio de física.• Laboratorio de química.• Aula-laboratorio de idiomas.• 3 aulas de grupo.• 1 aula de desdobre.• 1 aula - departamento de francés.• 1 aula - departamento de relixión.• 2 aulas de P.D.C.• Servizo de alumnos• Servizo de alumnas.

2. Principios e obxectivos educativos

O I.E.S. Castelao é un centro público de educación comprometido cos dereitos, valores e ideais democráticos e polo tanto, organizará as actividades educativas e de convivencia baseándose nos principios de igualdade, solidariedade, tolerancia e pluralidade. Promoverá a participación na xestión e na vida do centro de todos os sectores implicados nesta.

Os principios educativos que rexerán a vida do Centro proceden da Lei Orgánica de Educación 2/2006 do 3 de maio (L.O.E.).

2.1. Principios e valores educativos

A educación no Centro realizarase atendendo especialmente aos seguintes principios educativos

- **Desenvolvemento humano.** O Centro constitúe un medio importante de desenvolvemento humano. Entre as finalidades educativas do mesmo reconécese como prioritario “o pleno desenvolvemento da personalidade do alumno” (art. 1).
- Os contidos e as orientacións desa formación para o noso centro iranse formulando no seguinte proxecto educativo en función da realidade social e cultural e duns fins xerais que piden
 - “a calidade da educación para todo o alumnado” (art. 1.a)
 - “a igualdade de oportunidades” (art. 1.b)

- “a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais no exercicio da tolerancia, da liberdade, responsabilidade, democracia, solidariedade, igualdade” (art.1.c)
 - “a formación no desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres” (art. 1.l)
 - a formación “na responsabilidade individual e no mérito e no esforzo persoal” (art. 2.1.d)
 - unha formación para a paz, o respecto aos dereitos humanos, a vida en común, a cohesión social, a cooperación e a solidariedade entre os pobos, así como a adquisición de valores que propicien o respecto cara os seres vivos e o medio ambiente” (art. 2.1.e)
- Neste proxecto tentamos que tanto os valores como as actitudes éticas e sociais a promover se vexan acompañadas doutros fins máis explícitos como
 - a adquisición de hábitos intelectuais e técnicas de traballo así como de coñecementos científicos e técnicos, humanísticos, históricos e artísticos, así como o desenvolvemento de hábitos saudables, o exercicio físico e o deporte (art. 2.1.h)
 - a preparación dos nosos alumnos para participar na vida social e cultural (art. 2.1.f).
 - espertar nos alumnos/as o interese por aprender.
 - Cumprindo coa demanda legislativa resulta evidente que neste proxecto consideramos esa formación do alumnado como unha **integración dos aspectos académicos e da dimensión ética e social** que implica toda acción educativa.
 - O grande reto é ofrecer non só unha **educación para todos**, que contribúa á creación ou a ampliación da igualdade entre persoas e grupos, senón tamén unha **educación de calidade** que trate de reducir ao máximo os resultados negativos e optimizar por todos os medios as estruturas do actual sistema educativo.
 - Como é notorio, nos últimos anos se veñen producindo cambios no que se refire á procedencia social do alumnado e a súa procedencia xeográfica. Consecuentemente reverte en diversidade racial, relixiosa e ideolóxica, polo que resulta imprescindible incidir na adquisición e cumprimento dos valores que se refiren á **igualdade**, a **solidariedade**, a **interculturalidade**, a **convivencia**, etc. Estes dereitos recóllense en diversos artigos na Constitución Española, no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Constitución Europea, así como na Declaración universal dos dereitos humanos. Polo tanto a educación en valores, a igualdade de sexos, a solidariedade, a convivencia, o rexeitamento de actitudes sexistas, racistas ou xenófobas teñen que ser un dos obxectivos deste Centro e a súa función ten de ser **gardían e guía** no cumprimento dunhas normas que garantan a boa convivencia e a formación en valores do alumnado.

2.2. Obxectivos educativos

Os obxectivos xerais que nos fixamos consisten en contribuír desde o centro a que o alumno desenvolva as súas capacidades intelectuais, físicas, de equilibrio persoal e afectivo, de relación interpersoal e actuación e inserción social. Son intencións educativas que se establecen para todos os alumnos/as e como punto de referencia do profesor ao deseñar a súa tarefa na aula, e que se formulan nos seguintes enunciados:

- Comprender e producir mensaxes orais e escritas con propiedade, autonomía e creatividade en galego, castelán e, polo menos nunha lingua estranxeira, utilizándoas para comunicarse e para organizar os propios pensamentos e reflexionar sobre os procesos implicados no uso da linguaxe.
- Interpretar e producir con propiedade, autonomía e creatividade mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos co fin de enriquecer as súas posibilidades de comunicación e de reflexionar sobre os procesos, implicándose no seu uso.
- Obter e seleccionar información utilizando as fontes nas que habitualmente se atopa dispoñible, tratala de forma autónoma e crítica cunha finalidade previamente establecida, e transmitila aos demais de maneira organizada e intelixible.
- Elaborar estratexias de identificación e resolución de problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia, mediante procedementos intuitivos e de razoamento lóxico, contrastándoas e reflexionando sobre o procedemento seguido.
- Formar unha idea adecuada de si mesmos, das súas características e posibilidades e desenvolver actividades de forma autónoma e equilibrada, valorando o esforzo e a superación de dificultades.
- Relacionarse con outras persoas e participar en actividades en grupo con actitudes solidarias e tolerantes, rexeitando todo tipo de discriminación debidas á raza, ao sexo, á clase social, ás crenzas e outras características individuais, sociais e culturais.
- Analizar os mecanismos e valores que rexen o funcionamento das sociedades, en especial os relativos aos dereitos e deberes dos cidadáns, elaborar xuízos e criterios persoais e actuar con autonomía e iniciativa na vida activa e adulta.
- Coñecer as crenzas, actitudes e valores básicos da nosa tradición e patrimonio cultural, valoralos criticamente e elixir aquelas opcións que mellor favorezan o seu desenvolvemento integral como persoas.
- Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico, valorar as repercusións que sobre el teñen as actividades humanas e contribuír activamente á súa defensa, conservación e mellora como elemento determinante da calidade de vida.
- Coñecer e valorar o desenvolvemento científico e tecnolóxico, as súas aplicacións e a incidencia no seu medio físico e social.
- Coñecer e apreciar o patrimonio natural e cultural e contribuír activamente á súa conservación e mellora, entender a diversidade lingüística e cultural como un

dereito dos pobos e dos individuos a súa identidade, e desenvolver unha actitude de interese e respecto de cara ao exercicio deste dereito.

- Coñecer e comprender os aspectos básicos do funcionamento do propio corpo e das consecuencias para a saúde individual e colectiva dos actos e decisión persoais, e valorar os beneficios que supoñen os hábitos do exercicio físico, da hixiene e dunha alimentación equilibrada, así como o de levar unha vida sa.

2.3. Metodoloxía

A metodoloxía utilizada no ensino deberá ser responsabilidade do profesor que dirixe e orienta esa acción. Non obstante, para unha maior coordinación didáctica de todas as actividades do centro sinalaremos os aspectos xerais referidos a métodos e técnicas didácticas:

- Os contidos de cada disciplina non deben estar illados dos contidos das restantes disciplinas nin desvinculados da realidade sionatural.
- A aprendizaxe debe ter sentido na medida en que serve para resolver os problemas que presenta a vida diaria ou para ser transferidos a outras situacións de aprendizaxe.
- O profesor deberá potenciar todos os aspectos encamiñados a aumentar a autoestima dos alumnos e a súa motivación cara o ensino (confianza, convicción, entusiasmo...)
- O profesor potenciará o estudo individual, a busca autónoma da documentación, a organización independente do seu traballo, etc.
- As aprendizaxes deberán adaptarse ás características individuais dos alumnos. Isto supón que hai que partir dos coñecementos que teñan os alumnos, das súas expectativas e posibilidades de éxito, das súas características persoais e intelectuais, dos seus ritmos de aprendizaxe, etc.
- A educación debe de ser un proceso de socialización, de apertura persoal, de comunicabilidade, de adaptación e integración social. No desenvolvemento das actividades o alumno deberá aprender a convivir, a compartir, a contrastar pensamentos e accións, a satisfacer a súa tendencia natural cara a comunicación cos demais.
- Daremos prioridade ás aprendizaxes que se realizan a través da experiencia, á comprensión do que se fai e aos procedementos que se utilizan para resolver as actividades, sobre aquelas outras aprendizaxes meramente mecánicas e memorísticas. O alumno deberá atopar significado ao que fai; el mesmo será o protagonista da súa aprendizaxe, descubrirá por si mesmo todo o que desexe saber ou queremos que saiba sobre un tema, será o que contraste e comprobe o que aprenda, experimente, tire conclusións e faga proposicións. As actividades de aprendizaxe enfocaranse desde o método científico, esixindo do alumno unha

actividade reflexiva e comunicativa que afecta a todas as súas capacidades mentais: o alumno debe acostumarse a formular preguntas e hipóteses sobre a tarefa que vai realizar, observará, obterá datos, ordenaralos, operará con eles, contrastaralos e sacará conclusións.

3. Estrutura da oferta educativa

3.1. Réxime ordinario (diúrno)

3.1.1. E.S.O.

Os obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria veñen definidos polo Decreto 133/2007 do 5 de xullo (D.O.G. nº 136 do 13 de xullo de 2007).

Articúlase nuns estudos de catro anos como mínimo, de carácter obrigatorio, que poderán ser ampliados dous anos máis como máximo xa que só pode repetir dúas veces na etapa. Excepcionalmente un alumno/a poderá repetir unha segunda vez en cuarto curso se non repetiu en cursos anteriores desta etapa.

As características e propósitos que se agardan conseguir coa ESO inducen a organizar o ensino baixo a estrutura de áreas curriculares. Estas áreas teñen como obxectivo o desenvolvemento das capacidades específicas que colaboren a alcanzar as capacidades de tipo xeral que se pretenden na etapa da ESO e que mencionamos en liñas precedentes.

Para a ESO as áreas a través das cales os alumnos deberán alcanzar as capacidades que se establecen como obxectivos desta etapa son as seguintes:

ESO

MATERIAS	PRIMEIRO	SEGUNDO	TERCEIRO	CUARTO
Lingua galega e literatura	4	3	3	3
Lingua castelá e literatura	4	4	3	3
1ª Lingua estranxeira	3	3	3	3
Ciencias sociais, Xeografía e Historia	3	3	3	3
Matemáticas	4	4	4	3
Educación Física	2	2	2	2
Física e Química			2	3
Ciencias da Natureza	4	3		
Bioloxía e Xeoloxía			2	3
Educación Plástica e Visual	2		2	3
Informática				3
Tecnoloxía				3
Tecnoloxías		3	2	
Cultura Clásica			2	3
Música		2	2	3
2º Lingua estranxeira	2	2		3
Optativa (Química no Laboratorio)			2	3
Relixión / Actividades de estudio	2	1	1	1
Proxecto interdisciplinar	1			

Educación para a cidadanía		2		
Educación Etico.Cívica				1
Titoría	1	1	1	1
Períodos lectivos	32	32	32	32

Para a ESO o conxunto das áreas curriculares constitúen o marco de actuación desde o cal o centro intervén e colabora no desenvolvemento do alumno a través dos diferentes campos.

Desde a área de ***Ciencias da Natureza*** preténdese que o alumno adquira os instrumentos conceptuais e metodolóxicos para comprender a natureza e os procesos que a rexen, o coñecemento do propio corpo como parte integrante da mesma e favorecer hábitos de coidado, tanto da natureza en xeral como do propio corpo.

A área de ***Ciencias Sociais, Xeografía e Historia*** debe aportar aos alumnos o coñecemento, comprensión e valoración crítica do medio xeográfico e social, debe estimular neles a adquisición de actitudes de tolerancia, participación, solidariedade, respecto e aprecio, tanto doutros grupos sociais como do patrimonio e medio xeográfico galego.

A ***Educación Física*** debe colaborar ao desenvolvemento das capacidades e posibilidades motóricas dos alumnos, á mellora do seu ámbito de saúde e a unha predisposición favorable á participación e inserción social.

As áreas de ***Lingua e Literatura galega e castelá*** e as de ***Linguas Estranxeiras*** deberán afiuzar as capacidades comunicativas dos alumnos, desenvolver destrezas lingüísticas de comprensión e expresión e consolidar o hábito de lectura.

As áreas de ***Expresión Visual e Plástica e Música*** deben desenvolver as capacidades de expresión e comprensión plástica, visual e musical, deben estimular hábitos creativos nos alumnos e deben potenciar a súa utilización e aproveitamento.

A área de ***Tecnoloxía*** debe aportar a dimensión funcional do aprendido a través da resolución de problemas prácticos e debe potenciar as capacidades de inserción e actuación social facilitando o tránsito da escola a vida activa.

A área de ***Matemáticas*** debe proporcionar instrumentos conceptuais e metodolóxicos para representar e explicar situacións da realidade, debe incrementar os niveis de abstracción, formalización e simbolización do coñecemento partindo da experiencia práctica dos alumnos.

A área de ***Relixión*** debe garantir ó dereito constitucional que asiste os pais de que os seus fillos reciban unha educación relixiosa e moral que estea de acordo coas súas propias conviccións. Non será área obrigatoria senón para os alumnos que a desexen.

As ***áreas curriculares*** organízanse en bloques de contido como instrumento funcional para levar á práctica os obxectivos de área e de etapa. Non se pretende unicamente un saber teórico descabalgado da realidade do alumno, senón que debemos intentar que o centro colabore activamente na solución dos problemas que, en relación ás diferentes áreas, se xeran na vida diaria.

Corresponderá ao profesorado, nos sucesivos niveis de concreción, desenvolver todos os contidos; darlle coherencia, estrutura e unidade interna para a súa mellor comprensión;

valorar o momento en que se debe intervir na actividade formativa e adecualos á singularidade do alumno e ás do medio sacionatural no que vive.

3.1.2. Bacharelato

Os obxectivos do Bacharelato veñen definidos polo Decreto 126/2008 do 19 de xuño (D.O.G. nº 120 do 23 de xuño de 2008) polo que se establece a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xuño de 2008 (D.O.G. nº 124 do 27 de xuño de 2008) polo que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

O bacharelato comprende dous cursos académicos e ten como finalidade a formación xeral dos alumnos, así como a súa orientación e preparación para os estudos universitarios, de formación profesional específica, ou para a súa incorporación á vida activa.

Potenciarase a responsabilidade respecto da súa aprendizaxe e exemplaridade do seu comportamento, pois son sen dúbida un referente importante para os alumnos/as de Secundaria Obrigatoria.

O plan de estudos que ofrece o centro queda establecido en dúas modalidades - Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía e Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais- e os seguintes itinerarios:

1º BACHARELATO			
Comúns	Educación Física	<input type="checkbox"/> Inglés	<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Act. de Estudio
	Ciencias para o Mundo Contemporáneo Filosofía e Cidadanía Lingua Galega e Literatura I Lingua Castelá e Literatura I		

Marcar cunha cruz o bacharelato elixido

		CIENCIAS E TECNOLOXÍA		HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
Propias de Modalidade (Elixir 3)	<input type="checkbox"/> OPCIÓN A	<input type="checkbox"/> OPCIÓN B	<input type="checkbox"/> OPCIÓN A	<input type="checkbox"/> OPCIÓN B	
	<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas I <input checked="" type="checkbox"/> Física e Química <input type="checkbox"/> Bio. e Xeo. / <input type="checkbox"/> Deb. Técnico I	<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas I <input checked="" type="checkbox"/> Bio. e Xeo. <input type="checkbox"/> Deb. Técnico I / <input type="checkbox"/> Física e Química	<input checked="" type="checkbox"/> Hª Mundo Contempo. <input checked="" type="checkbox"/> Latín I <input checked="" type="checkbox"/> Grego I	<input checked="" type="checkbox"/> Hª Mundo Contempo. <input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas I <input checked="" type="checkbox"/> Economía	
Optativa (1) Numerar por orde de preferencia	<input type="checkbox"/> Bio. e Xeo. <input type="checkbox"/> Deb. Técnico I <input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> T.I.C. <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> 2º LEF I <input type="checkbox"/> Antropoloxía <input type="checkbox"/> *	<input type="checkbox"/> Física e Química <input type="checkbox"/> Deb. Técnico I <input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> T.I.C. <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> 2º LEF I <input type="checkbox"/> Antropoloxía <input type="checkbox"/> *	<input type="checkbox"/> Literaturas Hispánicas <input type="checkbox"/> Economía <input type="checkbox"/> Matemáticas Aplic I <input type="checkbox"/> T.I.C. <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> 2º LEF I <input type="checkbox"/> Antropoloxía <input type="checkbox"/> *	<input type="checkbox"/> Literaturas Hispánicas <input type="checkbox"/> Latín I <input type="checkbox"/> Grego I <input type="checkbox"/> T.I.C. <input type="checkbox"/> Música <input type="checkbox"/> 2º LEF I <input type="checkbox"/> Antropoloxía <input type="checkbox"/> Matemáticas I <input type="checkbox"/> *	

* : Pódese anotar neste espazo calquera materia de modalidade de entre todas as impartidas neste Centro.

(1) Só se cursará unha

2º BACHARELATO

Comúns	Historia de España Historia da Filosofía Lingua Galega e Literatura II Lingua Castelá e Literatura II	<input type="checkbox"/> Inglés	<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Act. de Estudio
---------------	--	---------------------------------	---

Marcar cunha cruz o bacharelato elixido

CIENCIAS E TECNOLOXÍA		HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS				
<i>de</i>		<input type="checkbox"/> OPCIÓN A	<input type="checkbox"/> OPCIÓN B	<input type="checkbox"/> OPCIÓN A	<input type="checkbox"/> OPCIÓN B	<input type="checkbox"/> OPCIÓN C
<i>Propias</i>	<i>Modalidade</i>	<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas II <input checked="" type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Química / <input type="checkbox"/> Deb. Técnico II	<input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas II <input checked="" type="checkbox"/> Bioloxía <input checked="" type="checkbox"/> C.T.M.Amb.	<input checked="" type="checkbox"/> Xeografía <input checked="" type="checkbox"/> Latín II <input checked="" type="checkbox"/> Grego II	<input checked="" type="checkbox"/> Xeografía <input checked="" type="checkbox"/> Hª da Arte <input checked="" type="checkbox"/> Lit. Universal	<input checked="" type="checkbox"/> Xeografía <input checked="" type="checkbox"/> Mate. Apli.II <input checked="" type="checkbox"/> Eco. e Org. Empresas
<i>Optativa (1)</i>	<i>Numerar por orde de preferencia</i>	<input type="checkbox"/> Química <input type="checkbox"/> Deb. Técnico II <input type="checkbox"/> Bioloxía <input type="checkbox"/> C.T.M. Ambiente <input type="checkbox"/> M. E. N. <input type="checkbox"/> 2º LEF II <input type="checkbox"/> Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía <input type="checkbox"/> *	<input type="checkbox"/> Física <input type="checkbox"/> Química <input type="checkbox"/> Deb. Técnico II <input type="checkbox"/> M. E. N. <input type="checkbox"/> 2º LEF II <input type="checkbox"/> Filosofía da Ciencia e da Tecnoloxía <input type="checkbox"/> *	<input type="checkbox"/> Hª da Arte <input type="checkbox"/> Lit. Universal <input type="checkbox"/> Xeo e Hª de Galicia <input type="checkbox"/> Lit. Galega s. XX e da Actualid. <input type="checkbox"/> Etica e Filos. do Dereito <input type="checkbox"/> 2º LEF II <input type="checkbox"/> *	<input type="checkbox"/> Latín II <input type="checkbox"/> Grego II <input type="checkbox"/> Xeo e Hª de Galicia <input type="checkbox"/> Lit. Galega s. XX e da Actualid. <input type="checkbox"/> Etica e Filos. do Dereito <input type="checkbox"/> 2º LEF II <input type="checkbox"/> *	<input type="checkbox"/> Xeo e Hª de Galicia <input type="checkbox"/> Hª da Arte <input type="checkbox"/> Lit. Universal <input type="checkbox"/> Lit. Galega s. XX e da Actualid. <input type="checkbox"/> Etica e Filos. do Dereito <input type="checkbox"/> 2º LEF II <input type="checkbox"/> *

* : Pódese anotar neste espazo calquera materia de modalidade de entre todas as impartidas neste Centro.

(1) Só se cursará unha

NOTA: Sempre que a organización e os recursos do Centro o permitan, impartiranse todas as materias optativas. As materias que non teñan un mínimo de 10 alumnos matriculados non se poden impartir.

NOTA: Para ser avaliados en **Bioloxía** de 2º Bac e **C.T.M.Amb.** de 2º Bac. precisan de Bioloxía e Xeoloxía de 1º Bac.; **Física** de 2º Bac. e **Química** de 2º Bac. precisan de Física e Química de 1º Bac.

3.2. Réxime persoas adultas

3.2.1. E.S.A. Módulo III e IV

Os estudos para persoas adultas neste niveis está regulado pola Orde do 24 do 24 de xuño de 2008 (D.O.G. 23 de xullo de 2008).

As distribucións das materias será por ámbitos de acordo coa seguinte distribución:

Ámbito de coñecemento	Módulo III	Módulo IV
Comunicación	4	4
Lingua estranxeira	2	2
Científico Tecnolóxico	8	8
Social	4	4
Optativa do Centro	1	1
Titoría	1	1
Total	20	20

3.2.2. Bacharelato para persoas adultas

As ensinanzas de bacharelato para persoas adultas na modalidade presencial está regulada pola circular 4/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, e pola Orde de 20 de xullo de 2009 (DOG 31 de xullo de 2009) pola que se regulan as ensinanzas para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia.

As distribucións das materias será en dous cursos de acordo coa seguinte distribución:

BACHARELATO ADULTOS. CURSO 2009-2010

1º BACHARELATO

Comúns	Educación Física Ciencias para o Mundo Contemporáneo Filosofía e Cidadanía Lingua Galega e Literatura I Lengua Castellana e Literatura I	<input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Act. de Estudio
---------------	--	---	---

Marcar cunha cruz o bacharelato elixido

CIENCIAS E TECNOLOXÍA		HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS	
<i>Propias de Modalidade</i>	<input type="checkbox"/> CIENCIAS E TECNOLOXÍA <input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas I <input checked="" type="checkbox"/> Física e Química <input checked="" type="checkbox"/> Bio. e Xeoloxía	<input type="checkbox"/> OPCIÓN A <input checked="" type="checkbox"/> Hª Mundo Contempo. <input checked="" type="checkbox"/> Latín I <input checked="" type="checkbox"/> Grego I	<input type="checkbox"/> OPCIÓN B <input checked="" type="checkbox"/> Hª Mundo Contempo. <input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas Aplicadas I <input checked="" type="checkbox"/> Economía
<i>Optativa (1) Numerar por orde</i>	<input type="checkbox"/> Deb. Técnico I <input type="checkbox"/> T.I.C. <input type="checkbox"/> 2º LEF I <input type="checkbox"/> *	<input type="checkbox"/> Literaturas Hispánicas <input type="checkbox"/> 2º LEF I <input type="checkbox"/> *	

* : Pódese anotar neste espazo calquera materia de modalidade de entre todas as impartidas neste Centro.

(1) Só se cursará unha

NOTA: Para ser avaliados en **Bioloxía** de 2º Bac e **C.T.M.Amb.** de 2º Bac. precisan de Bioloxía e Xeoloxía de 1º Bac.; **Física** de 2º Bac. e **Química** de 2º Bac. precisan de Física e Química de 1º Bac.

BACHARELATO ADULTOS. CURSO 2009-2010

2º BACHARELATO

Comúns	Historia de España Historia da Filosofía Lingua Galega e Literatura II Lengua Castellana e Literatura II	<input type="checkbox"/> Inglés <input type="checkbox"/> Francés	<input type="checkbox"/> Relixión <input type="checkbox"/> Act. de Estudio
---------------	---	---	---

Marcar cunha cruz o bacharelato elixido

CIENCIAS E TECNOLOXÍA		HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS			
<i>Propias de Modalidade (Elixir. 3)</i>	<input type="checkbox"/> OPCIÓN A <input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas II <input checked="" type="checkbox"/> Física <input checked="" type="checkbox"/> Química	<input type="checkbox"/> OPCIÓN B <input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas II <input checked="" type="checkbox"/> C.T.M.Amb. <input checked="" type="checkbox"/> Química	<input type="checkbox"/> OPCIÓN A <input checked="" type="checkbox"/> Xeografía <input checked="" type="checkbox"/> Latín II <input checked="" type="checkbox"/> Grego II	<input type="checkbox"/> OPCIÓN B <input checked="" type="checkbox"/> Xeografía <input checked="" type="checkbox"/> Latín II <input checked="" type="checkbox"/> Hª da Arte	<input type="checkbox"/> OPCIÓN C <input checked="" type="checkbox"/> Xeografía <input checked="" type="checkbox"/> Mate. Apli.II <input checked="" type="checkbox"/> Economía da Empresa
	<i>Optativa (1) Numerar orde</i>	<input type="checkbox"/> Deb. Técnico II <input type="checkbox"/> Bioloxía <input type="checkbox"/> 2º LEF II <input type="checkbox"/> *		<input type="checkbox"/> Lit. Universal <input type="checkbox"/> Xeo e Hª de Galicia <input type="checkbox"/> Lit. Galega s. XX e da Actualid. <input type="checkbox"/> 2º LEF II <input type="checkbox"/> *	

* : Pódese anotar neste espazo calquera materia de modalidade de entre todas as impartidas neste Centro.

(1) Só se cursará unha

NOTA: Para ser avaliados en **Bioloxía** de 2º Bac e **C.T.M.Amb.** de 2º Bac. precisan de Bioloxía e Xeoloxía de 1º Bac.; **Física** de 2º Bac. e **Química** de 2º Bac. precisan de Física e Química de 1º Bac.

4. Organigrama

4.1. Órganos de goberno

É obxectivo primordial dos órganos de goberno velar para que as actividades do IES Castela se desenvolvan conforme aos principios constitucionais, garantindo a neutralidade ideolóxica e o respecto ás opcións relixiosas e morais dos pais no referente á educación dos seus fillos. Asemade, velarán pola efectiva realización dos fins da educación e pola mellora da calidade do ensino.

4.1.1. Unipersoais

Constitúe o Equipo Directivo e estará integrado polo Director/a, Vicedirector/a, Xefe de estudos (diúrno e adultos) e Secretario/a.

O Equipo Directivo é o Órgano Executivo de goberno do Centro e traballará de forma coordinada no desempeño das súas funcións.

O Equipo Directivo será nomeado ou cesado polo director previa comunicación ao Claustro de profesores e ao Consello Escolar. Estará composto por profesores con destino no Centro e todos os membros cesarán nas súas funcións ao termo do seu mandato ou cando se produza o cese do director.

4.1.1.1. Competencias do Equipo Directivo

a. Competencias do Director/a (Están reguladas no art. 132 da L.O.E.)

- ***De representación***
 - Exercer a representación do centro, representar a Administración educativa nel e facerlle chegar a esta a formulacións, aspiracións e necesidades da comunidade educativa.

- ***De dirección e coordinación***
 - Dirixir e coordinar todas as actividades do centro, sen prexuízo das competencias atribuídas ao claustro de profesores e ao consello escolar.
 - Exercer a dirección pedagóxica.
 - Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro
 - Convocar e presidir os actos académicos e as sesións do consello escolar e do claustro de profesores do centro.
 - Realizar as contratacións de obras, servizos e subministracións, así como autorizar os gastos de acordo co orzamento do centro, ordenar os pagamentos e visar as certificacións e documentos oficiais.
 - Calquera outra que lle sexa encomendada pola Administración educativa

- ***De liderato***

- (...) promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos obxectivos do proxecto educativo do centro.
- Impulsar a colaboración coas familias, con institucións e con organismos que faciliten a relación do centro
- Favorecer a convivencia no centro, garantir a mediación na resolución dos conflitos (...)
- Impulsar as avaliacións internas do centro e colaborar nas avaliacións externas e na avaliación do profesorado.
- Propoñer á Administración educativa o nomeamento e cesamento dos membros do equipo directivo
- ***De control***
 - Garantir o cumprimento das leis e demais disposicións vixentes.
 - (...) impoñer as medidas disciplinarias que correspondan aos alumnos en cumprimento da normativa vixente

b. Competencias do Xefe/a de Estudos

- Exercer, por delegación do director, a xefatura do persoal docente en todo o relativo ao réxime académico
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico
- Coordinar as actividades dos xefes de departamento
- Coordinar e orientar a acción dos titotes
- Coordinar a actividade docente do centro
- Elaborar os horarios académicos do alumnado e profesorado
- Facilitar a organización do alumnado e impulsar a súa participación
- Establecer os mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado
- Coordinar as actividades do Departamento de Orientación nas actividades dos titotes de acordo co plan de acción tutorial e do plan de orientación académica e profesional
- Planificar e organizar as actividades de formación de profesores realizadas no instituto
- Colaborar con cada profesor na busca de solucións, ante as dificultades que xurdan no seu traballo
- Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director dentro do seu ámbito de competencia

c. Competencias do Secretario/a

- Ordenar o réxime administrativo do centro
- Actuar como secretario dos órganos de goberno do centro
- Custodiar os libros e arquivos
- Expedir certificacións
- Elaborar o anteproxecto de orzamento
- Ordenar o réxime económico do centro, coas instrucións da dirección
- Velar polo mantemento de material do centro

- Informar sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional
- Realizar o inventario xeral do instituto e mantelo actualizado
- Exercer a xefatura do persoal non docente
- Velar polo mantemento do instituto en tódolos seus aspectos, de acordo coas instrucións do director
- Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director dentro do seu ámbito de competencia

d. Competencias do Vicedirector/a

- Substituír ao Director/a por ausencia, facéndose cargo de tódalas competencias deste.
- Elaborar o plano anual de Actividades Complementarias e Extraescolares
- A organización , coordinación e desenvolvemento de todas as Actividades Complementarias que se realicen no Centro ou fora del
- Dar a coñecer aos alumnos a información relativa á actividades complementarias
- Organizar e coordinar as viaxes de estudos, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxe nas que participen os alumnos
- A dirección da Biblioteca do Instituto
- Distribuír os recursos económicos destinados polo consello Escolar ás actividades complementarias e extraescolares
- Calquera outra función que lle poida ser encomendada polo director dentro do seu ámbito de competencia

4.1.2.Colexiados

4.1.2.1. Consello Escolar

Competencias do Consello Escolar

- Aprobar e avaliar
 - O proxecto educativo
 - O proxecto de xestión
 - As normas de organización e funcionamento
 - A programación xeral anual
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección
- Participar na selección do director do centro
- Ser informado do nomeamento e do cesamento dos demais membros do equipo directivo.
- Decidir sobre a admisión de alumnado, con suxeición ao establecido na lexislación vixente.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos
- Promover a conservación e renovación das instalacións e equipo escolar

- Fixar as directrices para a colaboración coas administracións locais, con outros centros, entidades e organismos
- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- Elaborar propostas e informes, por iniciativa propia ou por petición da Administración competente.
- Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa

Composición do Consello Escolar

- Director do centro, que será o seu presidente
- Xefe de estudos
- Un concelleiro ou representante do concello en cuxo termo municipal estea radicado o centro
- Un número de profesores, elixidos polo claustro, que non poderá ser inferior a un tercio do total dos compoñentes do consello (sete profesores)
- Un número de pais (tres) serán elixidos por ente eles e un dos representantes será designado pola asociación de pais do Centro
- Un número de alumnos (catro) elixidos por e entre eles. Poderán ser elixidos a partir de primeiro de E.S.O. Os alumnos de 1º e 2º de E.S.O. non poderán participar na selección e o cese do director
- Un representante do persoal de administración e servizos do centro
- Secretario do centro, que actuará como secretario do consello, con voz e sen voto

4.1.2.2. Claustro de Profesores

Competencias do Claustro de Profesores

- Formular ao equipo directivo e ao consello escolar propostas para a elaboración dos proxectos do centro e da programación xeral anual.
- Aprobar e avaliar a concreción do currículo e todos os aspectos educativos dos proxectos e da programación xeral anual.
- Fixar os criterios referentes á orientación, tutoría, avaliación e recuperación dos alumnos.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- Elixir os seus representantes no consello escolar do centro e participar na selección do director nos termos establecidos por esta lei.
- Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados.

- Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendemento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas en que participe o centro.
- Emitir informe sobre as normas de organización e funcionamento do centro.
- Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e a imposición de sancións e velar por que estas se atean á normativa vixente.
- Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro.
- Calquera outra que lle sexa atribuída pola Administración educativa ou polas respectivas normas de organización e funcionamento.

Composición do Claustro de profesores

Claustro de profesores é o órgano propio de participación dos profesores no goberno do centro e ten a responsabilidade de planificar, coordinar, informar e, de ser o caso, decidir sobre todos os aspectos educativos do centro.

Será presidido polo director/a e estará integrado pola totalidade dos profesores que presten servizo no centro.

4.2. Órganos de Coordinación Docente

Os órganos de Coordinación Docente son A Comisión de Coordinación Pedagóxica, Os Departamentos didácticos e o Equipo de Normalización Lingüística.

4.2.1 Comisión de Coordinación pedagóxica

Composición

- Director
- Xefe de Estudos
- Xefes do Departamentos
- Coordinador do equipo de normalización lingüística
- Profesores de apoio a alumnos con necesidades educativas especiais
- Como Secretario actuará un membro da CCP

Competencias

- Elevar propostas ao Claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa nos que se incluíra o plan de orientación e acción académica e o plan de acción tutorial se realice conforme aos criterios establecidos polo claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do Instituto, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.

- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos departamentos, do plan de orientación académica, do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular e de garantía social, incluídos no proxecto curricular.
- Propoñer ao claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- Propoñer ao claustro a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificación e o calendario de exames ou probas extraordinarias, de acordo coas Xefaturas de Estudos.
- Canalizar as necesidades de formación continuada do profesorado cara o Centro de Formación continua do Profesorado.
- Propoñerlle ao Director/a os profesores titores que han formar parte do Departamento de Orientación.
- Propoñer os profesores/as que han formar parte do equipo de normalización lingüística.

4.2.2. Os Departamentos didácticos

4.2.2.1. Departamento de Orientación

Está integrado por un xefe de departamento (psicólogo), un titor/a por cada nivel educativo, un profesor de apoio ao alumnado con necesidades educativas especiais.

Celebrarán reunións semanais á hora destinada a tal fin no horario persoal. Polo menos unha vez ao mes as reunións do departamento terán por obxecto facer o seguimento do desenvolvemento da programación de orientación educativa (atención ás necesidades educativas especiais, plan de acción tutorial e programa de orientación académica e profesional) e establecer as medidas correctoras que se estimen necesarias.

O xefe de departamento levantará acta dos acordos tomados en todas as reunións. Á vista das actas despois da avaliación final recolleranse nunha memoria os seguintes aspectos :

- Modificacións introducidas durante o curso na programación didáctica.
- Motivo das modificacións.
- Análise dos resultados das avaliacións dos alumnos en relación cos cursos anteriores.
- Propostas para a revisión da programación didáctica para o curso seguinte dos proxectos curriculares de etapa.

A memoria, redactada polo xefe de departamento, será entregada ao xefe de estudos no prazo establecido.

Son **funcións** do Departamento de Orientación :

- Elaborar,coas directrices da CCP, as propostas do plan de orientación académica e profesional.
- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos/as e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de interacción do seu ámbito de actuación.
- Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PEC e do PCC
- Deseñar accións encamiñadas á educación temperá, se é o caso, do seu alumnado e a dos colexios adscritos, e a prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivados tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades dos alumnos.
- Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- Informar ao alumnado dos recursos laborais e profesionais ao seu alcance e propoñer actividades de orientación que faciliten a toma de decisións sobre o futuro.
- Promover a colaboración entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos.

Son **funcións da xefatura do departamento** :

- Representar o departamento na CCP.
- Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento e facilitar a colaboración entre os seus membros.
- Responsabilizarse da redacción do plan anual do departamento e velar polo seu cumprimento.
- Convocar e presidir as reunións semanais do departamento e as que con carácter extraordinario fose preciso celebrar, levantando a acta correspondente.
- Velar pola confidencialidade dos documentos, se é o caso.
- Realizar as avaliacións psicopedagóxicas do alumnado, así como asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade e responsabilizarse, cando cumpra, da elaboración do informe psicopedagóxico.
- Coordinar, en colaboración co profesor/a de apoio, a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais elevando propostas á xefatura de estudos para organizar a docencia dese alumnado.
- Aqueloutras funcións que lle poidan ser asignadas no campo da orientación.
- A participación nas sesións de avaliación responderá ás súas competencias de asesoramento e apoio ao profesorado e asistirá a elas con voz e sen voto.

4.2.2.2. Departamentos de coordinación didáctica

Están compostos por tódolos profesores/as que impartan o ensino propio das areas e materias seguintes :

- Ciencias Naturais
- Debuxo e Plástica
- Economía
- Educación Física

- Filosofía
- Física e Química
- Francés
- Grego
- Inglés
- Latín
- Lingua Castelá
- Lingua Galega
- Matemáticas
- Música
- Orientación
- Relixión
- Tecnoloxía
- Xeografía e Historia

Cando nun departamento se integren profesores/as de máis dunha das especialidades establecidas, a programación e impartición das áreas, materias ou módulos de cada especialidade corresponderalles ós profesores respectivos.

Competencias dos departamentos didácticos

- Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo do instituto e a programación xeral anual.
- Formular propostas á Comisión de Coordinación Pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Elaborar, antes do comezo do curso académico, a programación didáctica das ensinanzas correspondentes ás áreas e materias integradas no departamento, baixo a coordinación e dirección do seu xefe/a, e de acordo coas directrices xerais establecidas pola C.C.P. A programación didáctica será seguindo o proxecto curricular de etapa.
- Promover a investigación educativa e propoñerlle á Xefatura de Estudos actividades de perfeccionamento do profesorado.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Colaborar co Departamento de Orientación na prevención e detección temperán de problemas de aprendizaxe, así como na programación e aplicación de adaptacións e diversificacións curriculares, actividades de reforzo, ampliación e actividades de recuperación para os alumnos/as que o precisen.
- Organizar e realizar actividades complementarias en colaboración coa Vicedirección.
- Resolver as reclamacións derivadas do proceso de avaliación que os alumnos/as lle formulen ao departamento e ditar os informes pertinentes.
- Elaborar, a fin de curso, unha memoria na que se avalíe o desenvolvemento da programación didáctica e os resultados obtidos.
- Propoñer materias optativas dependentes do departamento, que serán impartidas polos profesores/as do mesmo.

Xefaturas de Departamento

As xefaturas de Departamento serán designadas polo Director a proposta dos Departamentos e terán unha duración de 4 anos ou 1 ano, seguindo a seguinte orde:

- Profesores/as pertencentes ao corpo de Catedráticos con destino definitivo no centro (duración 4 anos)
- Profesores de Ensino Secundario con destino definitivo no centro (duración 4 anos)
- Profesores de Ensino Secundario en expectativa de destino definitivo que estean no centro (duración 1 ano)
- Mestres con destino definitivo no centro (duración 1 ano)
- Profesorado interino (duración 1 ano)
- Profesores de Ensino Secundario con destino definitivo que imparta ensinanza afín (duración 1 ano)

Competencias do Xefe/a de Departamento

- Representar ao departamento na C.C.P.
- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa
- Responsabilizarse da redacción da programación didáctica das áreas e materias que se integran no departamento.
- Dirixir e coordinar as actividades académicas do departamento.
- Convocar e presidir as reunións do departamento e a que elabore a memoria de final de curso.
- Darlles a coñecer aos alumnos/as a información relativa á programación, con especial referencia aos obxectivos, aos mínimos esixibles e aos criterios de avaliación, elaborados polo departamento.
- Realizar as convocatorias, cando corresponda, dos exames para alumnos/as con materias pendentes e probas extraordinarias, sempre en coordinación coa Xefatura de Estudos.
- Presidir a realización dos exercicios correspondentes e avalialos en colaboración cos membros do departamento.
- Realizar o seguimento da programación didáctica do departamento, velando polo seu cumprimento e a correcta aplicación dos criterios de avaliación.
- Resolver as reclamacións de final de curso que afecten ao seu departamento, de acordo coas deliberacións dos seus membros, e elaborar os informes pertinentes.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do departamento.
- Colaborar co secretario na elaboración e actualización do inventario do centro.

Os departamentos terán unha reunión semanal e farán un seguimento das Programacións didácticas unha vez ao mes. Os departamentos unipersoais farán un informe resumo do desenvolvemento das programacións didácticas unha vez ao mes.

4.2.3 Equipo de Normalización Lingüística

Composición

- O coordinador do equipo de normalización lingüística será un profesor/a preferentemente con destino definitivo no centro e será nomeado polo director a proposta dos compoñentes do equipo. Preferentemente será un profesor do Departamento de Lingua Galega. O seu nomeamento terá unha duración de 4 anos, renovables.
- O equipo estará formado, ademais, por 3 profesores, por proposta da comisión de coordinación pedagóxica, por 3 alumnos, por proposta da xunta de delegados e por 1 membro do persoal non docente, por proposta dos mesmos.
- Tanto o coordinador como o equipo será nomeado polo director

Competencias

- Presentar, a través do Claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de normalización lingüística que se incluírán no P.E.C.
- Propoñer á C.C.P., para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos :
 - Medidas para potenciar o uso do galego nas actividades do centro.
 - Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Propoñer á C.C.P., para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.
- Presentar para a súa aprobación no C.E. o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de E. e O.U. establece na súa normativa específica.

Competencias do coordinador

- Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Responsabilizarse da redacción dos plans que serán propostos á C.C.P.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión do equipo e da C.C.P., así como da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- Proporcionarlles aos membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e datos de actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

4.2.4. Departamento de Actividades complementarias e extraescolares

Son actividades **complementarias** as que se realizan co alumnado en horario

lectivo e forman parte da Programación Didáctica. Teñen carácter diferenciado polo momento, polo espazo ou polos recursos que utilizan. (visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes).

Son actividades **extraescolares** aquelas organizadas polo centro, que figuran na PXA, aprobada polo Consello Escolar, pero se realizan fóra de horario lectivo e a participación é voluntaria

O profesorado colaborará na promoción, organización e participará nas actividades complementarias, dentro ou fóra do recinto educativo, programadas polos centros.

Ás actividades do centro, tanto complementarias como extraescolares levaranse a cabo nun clima de respecto, de tolerancia, de participación e de liberdade para fomentar nos alumnos os valores da cidadanía democrática.

- As actividades complementarias son de carácter obrigatorio, sempre que non supoñan un desembolso económico gravoso, mentres que as extraescolares son voluntarias.
- Requiren a autorización previa por escrito dos pais ou tutores legais sempre que se desenvolvan fóra do centro.
- A dirección deberá arbitrar a forma de atender ao alumnado que non participe

A xefatura exercea a Vicedirectora e, para cada actividade concreta, o profesorado responsable da mesma. Forma parte deste departamento o persoal encargado da biblioteca.

Funcións :

- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa.
- Elaborar a programación anual das Actividades Complementarias e Extraescolares para o que se terán en conta as propostas dos departamentos, profesorado, alumnado, pais e as orientacións do Claustro e C.C.P.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- Proporcionar ao alumnado a información relativa ás actividades do departamento.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a C.C.P., os departamentos, a xunta de delegados de alumnos e a asociación de pais.
- Coordinar a organización das viaxes de estudos, os intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen cos alumnos/as.
- Distribuír os recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo da aprobación do Consello Escolar.

- Organizar a utilización da biblioteca do Instituto.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- Presentarlle propostas ao equipo directivo para a relación e intercambio de actividades cos centros do seu entorno.

Requisitos para o desenvolvemento das actividades extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro :

- Aprobación do Consello Escolar.
- Autorización escrita dos pais ou titores.
- Os alumnos/as serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción de un profesor por cada vinte alumnos.

Pódense establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias (previa aprobación do Consello Escolar). Estes convenios deberán ser autorizados polo Delegado Provincial da Consellería de E. e O.U., Director Xeral de E. e O.U. ou Conselleiro de E. e O.U., segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.

4.3. Condicións de funcionamento dos órganos colexiados

- **Quorum para a súa válida constitución:**
 - En 1ª Convocatoria
 - Presidente
 - Secretario
 - 1/2 dos seus membros
 - En 2ª Convocatoria
 - Presidente
 - Secretario
 - 1/3 dos seus membros (nunca <3)
- **Reunións dos órganos colexiados**
 - Ó inicio e remate do curso
 - Unha sesión ordinaria/trimestre
 - Sempre que convoque o seu presidente

- Cando o solicite 1/3 dos seus membros: convocatoria do presidente en 20 días, celebración da sesión nun mes contando ao día seguinte da entrega da solicitude
- **Convocatoria dos órganos de goberno**
 - Cando se trata dunha convocatoria ordinaria esta farase cunha semana de antelación como mínimo.
 - Se os asuntos a tratar así o aconsellan (convocatoria extraordinaria) farase con 48 horas
 - No caso de urxencia, sen suxeición a prazo previo
- **Actas das reunións do órganos de goberno**
 - Levantaranse en todas as reunións de órganos colexiados. Terán que conter:
 - Título da reunión
 - Lugar, data e hora
 - Localización (sala de profesores...)
 - Participantes
 - Orde do día
 - Descrición dos principais temas discutidos na reunión
 - Descrición das conclusións e decisións resultantes da reunión
 - Poden asinar: o presidente e o secretario, e tamén todos os asistentes
 - Cando así o solicite o interesado se incluírá na acta
 - O voto contrario ao acordo adoptado
 - A abstención e os motivos que a xustifiquen
 - O sentido do voto favorable
 - A transcripción íntegra da intervención ou proposta, sempre que aporte no acto, ou no prazo que sinala o Presidente, o texto que se corresponda fielmente coa intervención, facéndose así constar na acta ou achegándose copia a esta
 - Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de 48 h., que se incorporará ao texto aprobado
 - Cando os membros do órgano voten en contra ou se absteñan, quedarán exentos da responsabilidade que, no seu caso, puída derivarse dos acordos
 - Apróbanse na mesma ou na seguinte sesión
 - O secretario pode emitir certificacións sobre os acordos específicos que tomaran, sen prexuízo da ulterior aprobación da acta, e facendo constar esa circunstancia

4.4. Funcións do profesorado

O profesorado desenvolverá as súas funcións atendendo a normativa vixente tanto xeral como interna do Centro.

Entre outras funcións e na aplicación das novas tecnoloxías terá a obriga de introducir no programa informático da Consellería de Educación “XADE” as faltas de asistencia dos seus alumnos diariamente así como as cualificacións nas diferentes avaliacións.

Deberá colaborar cos titores en todo o referente ao seu alumnado así como informar a Xefatura de Estudos por escrito de calquera incidencia grave que se produza.

4.5. Profesor/a titor/a

- A titoría e orientación do alumnado forman parte da función docente. Desenvolverase ó longo de tódalas etapas e ciclos formativos.
- Poderá haber titores específicos de alumnado que precise atención especial (repetidores, con materias pendentes, promocionados sen acadar os obxectivos...).
- **Designación:**
 - A designación de titores farase de acordo co establecido no artigo 58 do Regulamento orgánico, sendo as súas funcións as recollidas no artigo 59 do dito regulamento.
 - Para a designación de titores terase en conta:
 - a) As titorías serán asignadas preferentemente a profesores que impartan unha materia común a tódolos alumnos do grupo.
 - b) As titorías de grupos do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria serán asignadas preferentemente ós mestres que impartan clase ós ditos grupos.
 - c) Se é o caso, os titores dos grupos de diversificación da educación secundaria obrigatoria serán preferentemente profesores do departamento de orientación e coordinaranse co restos dos titores dos grupos ós que pertencen os alumnos.
 - Unha vez asignado un titor a cada grupo, no caso de existiren profesores dispoñibles, serán nomeados titores de grupos específicos de alumnos que precisen unha atención especial (que promocionaron sen acadar os obxectivos, repetidores, con materias pendentes, etc.). Así mesmo, a

dirección do centro poderalles asignar outras tarefas de coordinación ou atención de servizos de interese para o instituto, entre elas a coordinación dos medios informáticos e audiovisuais, a coordinación de actividades complementarias realizadas no recinto escolar, etc. De non estar recollidas no Regulamento de réxime interior, o xefe de estudos determinará, en cada caso, as tarefas específicas que terá que realizar cada un dos profesores e as responsabilidades que deberá asumir.

- Os profesores sen titoría, unha vez cubertas as necesidades que estime de interese a dirección do instituto, que manifesten a súa intención de participar nelas poderán ser designados para organizar, en horario non lectivo, actividades deportivas, artísticas e culturais en xeral de carácter estable, que deberán estar recollidas no programa de actividades complementarias e extraescolares. Estes profesores colaborarán estreitamente co xefe do departamento de actividades complementarias e extraescolares.
- No suposto de que algún grupo quedase desatendido por falta de profesores dispoñibles, a titoría deses grupos deberá ser asumida por profesores que teñan ó seu cargo outro grupo ou desempeñen outras funcións de coordinación docente ou incluso directiva. Neste caso, o director do centro determinará a quen lle corresponde asumir a titoría de cada un dos ditos grupos de acordo con criterios de equidade e funcionalidade.
- As horas de titoría deberán ser comunicadas ós pais e alumnos ó comezo do curso, tendo relación directa coas familias. A hora de titoría dos alumnos formarán parte do seu horario lectivo.

Funcións de cada profesor/a titor.

Ademais das tarefas docentes específicas, terá as seguintes :

- Participar no desenvolvemento do plan de acción titorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación do Xefe/a de Estudos e en colaboración co Departamento de Orientación.
- Proporcionar no principio de curso ao alumnado e aos pais información documental.
- Coñecer as características persoais de cada alumno/a a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académico de cada alumno/a.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensino-aprendizaxe do alumnado para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas axeitadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnos/as do seu grupo.

- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar o alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ao equipo de profesores do grupo de alumnos/as, das súas características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos.
- Organizar e presidir as sesións de avaliación do seu grupo.
- Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando o alumnado sobre as súas posibilidades académicas e profesionais.
- Colaborar co Departamento de Orientación. nos termos que estableza a Xefatura de Estudos.
- Colaborar cos demais titores/as e co D.O. no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.
- Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar, en colaboración co delegado de grupo, ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar ao alumnado do grupo, aos pais e profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e pais dos alumnos/as.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os membros do equipo docente.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos/as.
- Controlar a falta de asistencia e puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais ou titores e a X.E.
- Implicar ás familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos.
- Atender, co resto do profesorado, o alumnado mentres estes permanezan no centro nos períodos de lecer.
- A Xefatura de Estudos. coordinará o traballo dos titores e manterá as reunións periódicas necesarias.
- Así mesmo levará control de faltas dos alumnos, enviando parte mensualmente as familias, introducindo as xustificacións das mesmas no programa informático da Consellería de Educación “XADE”
- Terá o control da conservación da aula e colocación dos alumnos/as na mesma.
- Incidirá cos alumnos/as en todas as normas do PEC.

- O período semanal de tutoría cos alumnos/as da ESO, terá uns obxectivos concretos de acordo co Plan de acción tutorial e co propio grupo. Non debe converterse o período nun estudo ou recreo vixiado.

4.6. Gardas

- No Instituto haberá sempre, durante a xornada escolar, un ou máis profesores/as de garda, segundo as necesidades de cada momento e as dispoñibilidades do centro, que terán como funcións:
 - a) Atender a tódolos/as alumnos/as que queden libres por ausencia do respectivo profesor/a, de acordo co establecido no regulamento de réxime interior ou, no seu defecto, segundo os acordos adoptados polo consello escolar.
 - b) Velar pola orde e bo funcionamento do instituto, especialmente nos corredores, á entrada e saída das clases.
 - c) Rexistrar no libro de gardas as ausencias e faltas de puntualidade dos profesores e calquera outra incidencia que se teña producido.
 - d) Resolver no acto cantas incidencias de alumnos/as se produzan durante a xornada lectiva, ben informando inmediatamente a calquera dos membros do equipo directivo presentes nese momento no centro, ben, en ausencia destes, adoptando as medidas que estime máis oportunas, axustándose, de habelas, ás directrices recollidas no regulamento de réxime interno ou ás aprobadas polo consello escolar.
 - e) Cantas outras se recollan no regulamento de réxime interno ou, no seu defecto, lle encomende a dirección do instituto.
- Tamén será función dos profesores/as de garda a tutela dos alumnos/as, en especial de educación secundaria obrigatoria durante os períodos de lecer. Para tal fin a dirección do centro destinará os profesores/as que estime necesarios, de acordo coas dispoñibilidades do centro, preferentemente profesores/as que impartan clase nesa etapa.
- O libro de gardas, no que se recollerán as faltas de asistencia e de puntualidade do profesorado xunto coas posibles incidencias que poidan xurdir, terá tódalas súas follas seladas e numeradas e estará a disposición da comunidade educativa.

NORMATIVA DO P.E.C.

- A garda faise dende un toque de sirena ata o seguinte, sendo moi importante o cambio de clase, polo que se prega que primeiro se atenda a orde do centro, e despois se coordine o demais.

- As gardas en horas de clase realizaranse dentro da aula, o alumnado debe permanecer na mesma.
- Nos recreos os alumnos/as non poden permanecer nas aula nin nos corredores. En caso de choiva, poderán estar no vestíbulo.
- Na garda de recreo, os profesores/as do interior, despois de comprobar o 2º, 3º andar, estarán polas escaleiras do 1º andar e vestíbulo. As/os bedeis colaborarán neste labor, e no de abrir e pechar aulas.
- Deberase prestar especial atención a incidencias que se poidan producir dentro dos baños.
- Os profesores/as de garda no patio, atenderán os problemas no mesmo, non permitindo a saída de ningún alumno/a sen o permiso escrito dos pais, recollida do alumno/a (ESO) chamada por teléfono (Bacharelato) e autorización do Director ou Xefe de Estudos correspondente. Este trámite será realizado na Conserxería.
- Controlar os espazos mortos. A normativa legal non permite fumar nin beber alcohol no Edificio e recinto.
- É obrigatorio que o alumnado teña o carné do centro, que se solicitará en caso de dúbida.
- Non se poden traer móbiles nin aparatos electrónicos de gravación ou música.
- As gardas son unha función necesaria para a boa marcha do Centro.

4.7. Servizo de biblioteca

Este servizo estará integrado no departamento de actividades complementarias e extraescolares e desempeñará as seguintes funcións baixo a xefatura da Vicedirección:

- Asegurar a organización, mantemento e axeitada utilización dos recursos documentais da biblioteca e da aula de audiovisuais do centro.
- Atender os alumnos que utilicen a biblioteca e velar polo mantemento da disciplina.
- Difundir entre o profesorado e o alumnado información administrativa, pedagóxica e cultural.
- Realizar actividades para a promoción da lectura como medio de formación, información, entretemento e lecer.
- Realizar e recoller propostas de adquisición de novos materiais e fondos para a biblioteca e trasladalas á Dirección

4.8. Persoal non docente

O/a Secretario/a e a persoa encargada de coordinar ao persoal de Conserxería, Administración e Limpeza.

Entre as súas funcións destacan:

Deberán permanecer nas dependencias do centro ao menos un representante de cada grupo, sempre e cando os outros, por obrigas das súas funcións, teñan que ausentarse do posto.

As ausencias motivadas que non fosen por cumprimento de horario deberán ser comunicadas ao Secretario e na súa ausencia ó Xefe de Estudos

As persoas encargadas do servizo de reprografía coidarán da orde do recinto e do estado das máquinas.

Notificaranse puntualmente ao Secretario/a as necesidades de subministro para o seu posterior pedido.

Os Conserxes colaborarán co profesorado de garda e mais coa Xefatura de Estudos no mantemento da orde nos corredores entre clase e clase, coidando que os alumnos/as non saian das súas respectivas aulas.

4.9. O alumnado

Delegados de curso e grupo. Xunta de Delegados

- Integrada por representantes dos alumnos/as dos distintos grupos e os representantes dos alumnos/as no Consello Escolar.
- Estará presidida por un membro elixido entre os compañeiros/as para facer chegar as propostas aos órganos de dirección ou de coordinación didáctica.
- A Xunta de Delegados será oída no concernente a: celebración de probas e exames, reclamacións e alegacións nos casos de incumprimento das tarefas educativas do equipo docente, reclamacións e alegacións sobre a eficacia e obxectividade na valoración do rendemento escolar, libros e material didáctico obrigatorio.
- Os delegados de curso serán elixidos dentro das dúas primeiras semanas do curso.
- A Xunta de delegados constituirase no mes de outubro e se lle facilitará un local para as súas reunións.

5. Recursos

5.1. Recursos materiais

O *libro de texto* segue a ser o material impreso máis utilizado.

Para os *libros de consulta* o centro conta cun depósito de máis de 10.000 títulos repartidos entre os seminarios e a biblioteca.

Hai outra gama de *materiais tecnolóxicos* modernos (en menor contía da necesaria) que poden prestar un excelente servizo ao profesor, pero cremos que nunca deben restarlle protagonismo. Entre eles contamos con:

- Fotocopiadoras
- Proxectores de diapositivas (de consola e portátiles)
- Radios-casetes
- Magnetoscopios e televisións
- Vídeos e DVD´s
- Retroproxectores
- Proxectores de opacos
- Ordenadores
- Aula-laboratorio de idiomas
- Aula de Vídeo
- Encerado dixital
- 16 aulas con canóns de vídeo e pantaias instaladas dunha maneira permanente (aulas de 2º, 1º bacharelato, aulas de 4º de ESO, aulas de Tecnoloxía, Informática, dúas aulas de debuxo). Nos próximos meses está previsto terminar de instalar no resto das aulas canóns de vídeo)
- Todas as aulas contan con conexión a internet por cable
- Existe unha conexión a internet por wifi na planta baixa
- A Biblioteca conta con 5 ordenadores con conexión a internet par uso dos alumnos

As aulas específicas de Debuxo, Música, Tecnoloxía e Informática contan con material propio, aportado pola Consellería e propio do centro. O laboratorio de idiomas foi doado pola EOI de Vigo e adaptado cos recursos do centro.

Organización dos recursos

Excluindo os materiais adquiridos en función dunha aula concreta (aulas de música, vídeo, tecnoloxía, informática e debuxo) parece razoable organizar a utilización destes recursos. No caso do vídeo as normas para o seu emprego están consignadas na propia aula. Cómpre tamén que se reserve día e hora na sala de profesores para evitar posibles coincidencias entre departamentos.

O profesorado deberá preocuparse polo mantemento e conservación de todos os aparatos. A dirección encargarse de adquirir novo material de acordo coas peticións feitas polos departamentos didácticos. Estes últimos producirán tamén os seus propios materiais didácticos.

5.2 Recursos humanos: o profesorado e o persoal non docente

Na actualidade conta o instituto con 62 prazas de profesores/as definitivos. Deles 5 pertencen ao corpo de mestres. Dos profesores/as definitivos de secundaria tres están en Comisión de Servizos: un deles en Pontevedra (BiXe) e 2 noutros países (ING: 1 en Colombia e outro en Portugal. Destes dous no curso 2009/10 só se cubriu a praza de un.).

Ao comezo de cada curso escolar se recabará da inspección educativo o número de profesores/as interinos para completar as necesidades do centro.

No seguinte esquema fixamos o cadro de **persoal docente**:

		Língua e L. Galega	Língua e L. Castelá	CCSS Xeografía e Historia	Música	Latín	Bioloxía e Xeoloxía
Mestres	Definitivos			1	1		
Profesores Secundaria	Definitivos	6	7	4	1	2	5 (1 com. serv)
	Provisionais			1			1 (por el de c.s.)

		Inglés	Debuxo	E. Física	Francés	Grego	Matem.	Fogar
Mestres	Definitivos			1			1	
Profesores Secundaria	Definitivos	6 (2 en c.s.)	2	2	3	1	5	1
	Provisionais	1 (por c.s.)		1				

		Filosofía	F. e Q.	Tecnoloxía	Relixión	Economía	Orientación
Mestres	Definitivos						1
	Provisionais						1
Profesores Secundaria	Definitivos	3	5	1	1	1	1
	Provisionais			1		2	

O Resto do cadro de persoal (non docente) está integrado por 3 administrativas, 4 bedeis e 3 limpadoras

6. Avaliación e criterios

A avaliación en xeral está regulada pola Lei Orgánica de Educación do 2/2006 do 3 de maio de 2006. A avaliación e a promoción na ESO está regulada pola Orde do 21 de decembro de 2007 (D.O.G. nº 4 do 7 de xaneiro de 2008) na que se regula a avaliación na Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. No bacharelato son os Decreto 126/2008 do 19 de xuño (D.O.G. nº 120 do 23 de xuño de 2008) polo que se establece a ordenación e o currículo do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, a Orde do 24 de xuño de 2008 (D.O.G. nº 124 do 27 de xuño de 2008) polo que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas do Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen medidas para facer efectiva a aplicación da sentenza do 2 de febreiro de 2009 da Sala Terceira do Tribunal Supremo sobre a avaliación e promoción en primeiro de bacharelato (DOG do 3 de agosto)

Coa avaliación pretendemos coñecer como se están a conseguir os obxectivos xerais de etapa e os específicos de cada área de aprendizaxe.

Dous aspectos teremos presentes neste apartado: a avaliación referida aos alumnos e a avaliación da actividade docente.

6.1. Avaliación da actividade docente

O **profesorado** avaliará, nas sesións de avaliación, os procesos de ensinanza e a súa práctica docente en relación coa adecuación ao alumnado:

- A adecuación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación ás características e necesidades do alumnado
- As aprendizaxes acadadas polo alumnado
- As medidas de atención á diversidade
- A programación didáctica e o seu desenvolvemento
- A coordinación entre os/as profesores/as de cada curso

Os resultados desta avaliación serán **analizados na CCP**

Para avaliar e revisar, se procede, o desenvolvemento da **actividade docente**, conviría atender os seguintes apartados:

- Nivel de acerto dos obxectivos e contidos e distribución dos contidos por ciclos e cursos
- Adecuación dos obxectivos e contidos ás características dos alumnos
- Adecuación dos proxectos ás programacións de aula
- Adecuación dos materiais empregados
- Coordinación do profesorado
- Control dos resultados académicos dos alumnos

6.2. Avaliación do alumnado

Os aspectos máis importantes de esta avaliación son:

- O conxunto de informacións que nos axudan a coñecer mellor os alumnos
- A súa integración escolar
- A adquisición e emprego das destrezas xerais no uso de información, expresión oral e escrita, hábitos de traballo e organización do mesmo, participación no traballo en equipos, etc.
- As súas actitudes diante do traballo, da problemática social e ambiental, a tolerancia, cooperación, sensibilidade, etc.
- As actividades realizadas por eles, tanto individuais como en equipo.
- As adquisicións que acadaron respecto dos obxectivos inicialmente fixados.
- A súa autonomía na aprendizaxe.

O profesorado ha de estar interesado en coñecer en profundidade como desenvolver o seu propio traballo e a forma de sacarlle o máximo rendemento. Por este motivo:

- Preocuparse de actualizar a súa formación científica e metodolóxica,
- Favorecerá a cooperación e aprendizaxe na aula, con atención ás diferenzas individuais,
- Coidará a adecuación do currículo desenvolvido, en especial no que fai referencia á secuenciación e á priorización de obxectivos e contidos didácticos e do deseño e selección das actividades de aprendizaxe así como a validez da metodoloxía empregada
- Terá en conta a coordinación entre os profesores e as solucións globalizadoras e interdisciplinares adoptadas.

Ao longo do proceso hai que ser conscientes de se están claros os obxectivos, se a selección de contidos é atinada, se o enfoque metodolóxico é apropiado, se as actividades son eficaces, etc.

O profesor fará unha ficha de seguimento de cada alumno. Cando se faga precisa unha proba puntual sobre os resultados do proceso (que nunca constituirá o único medio de avaliación) deberanse cumprir polo menos as seguintes condicións:

- Centradas en aspectos esenciais
- Coa mesma metodoloxía empregada na clase
- Analizadas e valoradas tanto nas súas formulacións como nos seus resultados dentro do contexto de aprendizaxe

A avaliación será **continua** e terá carácter formativo e orientador. Será de utilidade que os alumnos/as dean a súa opinión, previamente,, a cada profesor sobre:

- O que pensan que aprenderon e cómo o aprenderon
- As dificultades que atoparon e as causas das mesmas
- As actividades que máis lles gustaron e as que menos

Coñecidos os resultados se realizarán os axustes ou correccións axeitados.

Para cada curso, tanto de ESO como de Bacharelato, celebraranse tres sesións de avaliacións ao ano e unha final que ten que coincidir coa terceira avaliación. Haberá, tamén, unha avaliación extraordinaria en setembro.

O titor será o coordinador destas sesións.

Os obxectivos da sesión serán:

- Dialogar sobre a marcha xeral do grupo
- Estudar a problemática dos alumnos e acordar solucións
- Acordar cambios na coordinación xeral do curso á vista dos datos da avaliación
- Facer un seguimento da recuperación das materias pendentes

Os titores e demais profesores facilitarán un diálogo fluído cos alumnos e cos pais para mantelos informados da marcha do proceso escolar.

Os departamentos e o centro darán a coñecer os obxectivos, contidos e criterios de avaliación mínimos esixibles para obter unha valoración positiva e formará parte das programacións didácticas para poder proporcionar a base a posibles reclamacións sobre a obxectividade das cualificacións académicas. As reclamacións referentes á avaliación continua dirímense no centro, prevalecendo o xuízo do equipo de profesores. As reclamacións referentes á avaliación final intentaranse dirimir en primeira estancia no centro e se o disenso entre reclamante e centro continuase, o director deberá enviar a reclamación á Delegación Provincial.

A decisión sobre a promoción ou non promoción do alumno/a corresponderá ao conxunto de profesores do grupo a través do procedemento que se estableza no proxecto curricular. O procedemento é o consenso, e de non ser así, a decisión de promoción debe de ser adoptada por maioría simple do equipo de profesores. A decisión irá acompañada de medidas que faciliten que o alumno alcance os obxectivos programados considerados como mínimos. A aplicación e seguimento será competencia do profesor da área respectiva do curso seguinte; se non tivese continuidade esa área, a aplicación de seguimento correspondería ao Departamento.

6.2.1. Avaliación do alumnado da ESO

A avaliación dos alumnos de ESO terá como obxectivo a avaliación do proceso de aprendizaxe, a promoción e a titulación do alumnado.

Será continua, terá carácter formativo e orientador e será diferenciada segundo as distintas materias do currículo. Se terán en conta as competencias básicas, os obxectivos, os contidos e criterios de avaliación de cada unha das materias ou ámbitos.

As cualificacións da avaliacións se expresarán en **siglas e números**:

- IN (do 1 ao 4)
- SU (5)
- BE (6)
- NT (7 e 8)
- SB (9 e 10)

En **setembro**, se non se presentan, farase constar “non presentado” (**NP**)

O **PRIN** terá unha avaliación **cualitativa**, non cuantitativa

A cualificación será **decidida** polo profesor/a que imparta a materia. Cando o equipo docente teña que adoptar decisións, de non existir unanimidade, se requirirá a **maioría simple** dos seus membros.

Ao comezo do período escolar cumprirá ter un coñecemento preciso sobre o estado en que se atopan os alumnos respecto dos novos contidos que se van desenvolver para adaptar as estratexias didácticas ou ben reconsiderar a conveniencia de emprender ou non os contidos programados. Para elo realizárase unha **Avaliación inicial**, antes dos dez primeiros días do mes de outubro, cós seguintes obxectivos:

- Coñecementos previos
- Grao de desenvolvemento das competencias básicas
- Análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior
- Informe do titor

A principio do curso o titor informará aos alumnos dos criterios de **Promoción e titulación**.

Promociona:

- Se aproba todas as materias
- Se suspende 1 ou 2 materias
- Excepcionalmente con 3 (decisión do equipo docente)

Non promociona:

- Se suspende 3 ou máis materias

Na excepcionalidade referida no decreto 133/2007 de 5 de Xullo (DOG 13/7/2007), por parte do equipo docente de avaliación de alumnos/as que teñan tres materias non aprobadas, (no caso de 1º,2º,3º) ou algunha materias non aprobada no caso de 4º da ESO, e para evitar a falta de coherencia na toma de decisións dos equipos docentes, o Centro oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, deberá aprobar en Claustro e recoller no seu Proxecto Educativo os criterios xerais do Centro en canto a promoción e titulación excepcional con materias non superadas

Un alumno/a de ESO en 1º,2º ou 3º curso, **promocionará** ao curso seguinte cando teña todas as materias con avaliación positiva ou cun máximo de dúas materias con avaliación negativa.

Cando teña **tres ou mais** materias con avaliación negativa, sexan dese curso ou de anteriores, **repetirá curso**. Excepcionalmente poderá promocionar con tres materias con avaliación negativa cando o considere o equipo de avaliación docente, (por maioría simple) sempre que non estea entre estes considerandos:

Os equipos de avaliación docente analizarán a promoción daqueles alumnos/as que teñan tres materias avaliadas negativamente, sempre e cando:

- 1) Dúas delas non sexan de carácter instrumental
- 2) As puntuacións obtidas nas tres materias non superadas sexan iguais a 4

Os alumnos da ESO terán que ter en conta que:

- As materias non aprobadas **computarase tamén as do curso anterior**. O PRIN non computa
- A Bioloxía - Xeoloxía e Física e Química de 3º da ESO terán un carácter **unitario**
- O alumnado que promociona con **pendentes** terá que seguir un programa de reforzo
- Os que **non promocionan** permanecerán un ano máis no mesmo curso (só unha soa vez)

- So poderán **repetir dúas** veces na etapa e o **4º curso** pode repetilo dúas veces se non repetiu nos cursos anteriores

A **titulación** na ESO seguirá os seguintes principios:

- **Acadarán** o título de Graduado na ESO:
 - Aqueles que aproben todas as materias
 Tamén **poderán** obter o título:
 - Aqueles con avaliación negativa **nunha ou dúas** materias, con acordo do equipo docente.
 - Así mesmo, excepcionalmente con **tres**, con acordo do equipo docente
- Aqueles que con 18 anos e que teñan avaliación negativa nun máximo de cinco materias disporán, durante **dous anos**, dunha convocatoria anual no mes de xuño

Na excepcionalidade referida no decreto 133/2007 de 5 de Xullo (DOG 13/7/2007), por parte do equipo docente de avaliación de alumnos/as que teñan tres materias non aprobadas, (no caso de 1º, 2º, 3º) ou algunha materias non aprobada no caso de 4º da ESO, e para evitar a falta de coherencia na toma de decisións dos equipos docentes, o Centro oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica, deberá aprobar en Claustro e recoller no seu Proxecto Educativo os criterios xerais do centro en canto a promoción e titulación excepcional con materias non superadas

Excepcionalmente **poderá titular con unha, dúas e tres** materias con avaliación negativa cando o considere o equipo de avaliación docente, (por maioría simple) sempre que non estea entre estes considerandos:

Os equipos de avaliación docente analizarán a titulación daqueles alumnos/as que:

1. Teñan unha soa materia non superada sempre e cando a cualificación obtida nela sexa maior ou igual que 3
2. Teñan dúas materias non superadas sempre e cando:
 - a. non sexan ás dúas de carácter instrumental
 - b. as cualificacións obtidas nelas sexan maiores ou iguais que 3
3. Teñan tres materias non superadas sempre e cando:
 - a. dúas delas non sexan de carácter instrumental
 - b. as cualificacións obtidas nas tres sexan iguais a 4.

Ao finalizar o **segundo curso** da ESO os centros realizarán unha **avaliación de diagnóstico** das competencias básicas acadadas polo alumnado. Esta avaliación terá un carácter formativo e orientador para os centros e informativo para as familias e o conxunto da comunidade educativa.

Avaliación de diagnóstico

Segundo a Orde do 21 de decembro de 2007, a Orde do 16 de febreiro de 2009 e a Resolución do 18 de maio de 2008 sobre a avaliación na ESO, establece que os centros ao finalizar o curso realizarán aos alumnos de 2º ESO unha avaliación de diagnóstico das competencias básicas alcanzadas polo alumnado.

O Centro terá que crear unha comisión de coordinación da avaliación de diagnóstico ao comezo de cada curso escolar e estará composta por:

- O/A Director/a
- O/A Xefe/a de Estudos
- O/A Xefe/a do Departamento de Orientación
- Un titor/a do curso

6.2.2. Avaliación do alumnado de Bacharelato

A **avaliación** do alumnado de Bacharelato estará baseada nos seguintes principios:

- A avaliación da aprendizaxe será continua e diferenciada segundo as distintas materias e terá en conta os diferentes elementos que constitúen o currículo.
- Será competencia do profesor/a de cada materia, ao remate de cada curso, a decisión sobre a superación ou non, por parte do alumnado, dos obxectivos establecidos, tomando como referente fundamental os criterios de avaliación.
- O alumnado que non supere algunha materia logo da avaliación final do período ordinario poderá realizar unha proba extraordinaria.
- Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez, sen decimais, e consideraranse negativas as inferiores a cinco. A nota media será a media aritmética das cualificacións de todas as materias, arredondada á centésima máis próxima e, en caso de equidistancia, á superior. Na convocatoria da proba extraordinaria, se o alumnado non se presentase a ela, consignaras como non presentado.
- O profesorado avaliará tanto a aprendizaxe do alumnado coma o proceso de ensinanza e a súa práctica docente.

A promoción a 2º de Bacharelato está regulada polos seguintes principios:

- Ao finalizar o **primeiro curso** e como consecuencia do proceso de avaliación, o profesorado de cada alumno/a adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.

- Os alumnos/as conseguirán a promoción ao segundo curso cando superen todas as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo.
- O alumnado que conseguise a promoción ao segundo curso con materias avaliadas negativamente deberá cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes, tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.
- Os alumnos/as que suspendan en primeiro de bacharelato máis de dúas materias, cursará de novo o curso completo e será cualificado en todas as materias é dicir, non se lle respetarán as cualificacións das materias cursadas e superadas.
- Excepcionalmente, e só nun caso extraordinariamente especial e diferente, o equipo de avaliación docente poderá decidir, por maioría simple, que un alumno ou alumna **con tres ou catro materias avaliadas negativamente** manteña as cualificacións naquelas materias que xa foron cursadas e superadas. Aínda así, o alumno ou alumna favorecido por esta decisión realmente excepcional terá que volver a cursar as materias superadas e podería subir as cualificacións obtidas nelas no curso anterior.
- A decisión adoptada deberá figurar no boletín de cualificacións para que o alumno/a, pai/nai ou titor/a legal, poida tomar a decisión de repetir curso sen ningún valor anterior ou mantendo as cualificacións positivas coa posibilidade de mellora da súa cualificación.
- De aplicación da circular do 25 de setembro de 2009 aqueles alumnos/as que cursado 1º bacharelato LOXSE pase a 2º con materias pendentes de 1º deberá recuperar unicamente as materias non superadas pero aplicando o currículo LOE.

2º Bacharelato

- O alumnado que, ao finalizar o **segundo curso**, teña avaliación negativa nalgunha materia, poderá matricularse destas sen necesidade de cursar de novo as materias superadas, cumprindo coa normativa establecido polo Centro.
- O alumnado que estea nas circunstancias do punto anterior, poderá solicitarlle á dirección do centro educativo a asistencia ás clases das materias xa superadas de segundo curso, sen ter que ser avaliado nestas, e deberá cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo.
- De aplicación da circular do 25 de setembro de 2009 aqueles alumnos/as que realizado 2º bacharelato LOXSE deba repetir curso, cursará unicamente as materias non superadas tanto de 2º como de 1º, aplicando sempre o currículo LOE. Tamén aqueles alumnos/as que tendo tres ou menos materias non superadas deben matricularse soamente desas materias, non podendo mellorar nota.

- No bacharelato de persoas adultas a avaliación e a promoción seguirá o establecido nos decretos oficiais e para aqueles aspectos que non figuren nos decretos será de aplicación o establecido para o alumnado ordinario.

7. Temas transversais

A preocupación polos coñecementos disciplinares do currículo non suporá o abandono da formación ética e moral do alumno/a. O centro asome a idea do que o máis importante na súa tarefa é formar persoas capaces de vivir e convivir en liberdade. Por iso o alumno/a deberá aprender o uso de toda unha serie de normas éticas de convivencia, de hábitos e actitudes individuais e colectivas que van dar un sentido moral á súa conduta. Sobre a súa aplicación propoñemos dúas suxestións:

- O centro debe funcionar cos mesmos principios básicos de comportamento que as normas esixen para a convivencia social.
- A madurez docente e a conduta do profesorado deberá contribuír a fixar un sistema de valores que o alumno/a vaia interiorizando, descubrindo e xerarquizando, para adquirir a súa propia madurez persoal e social.

Dado que os valores que teñen unha alta incidencia na formación social e cívica das persoas son difíciles de incorporar a unha disciplina determinada serán abordados como temas transversais das diferentes áreas académicas, que non interesan tanto polos seus aspectos nocionais, como pola incidencia na creación de actitudes, hábitos e comportamentos indispensables para a convivencia social. Suxerimos a inclusión nas actividades de clase:

- Destes contidos e daqueles outros que lle son afíns. Por exemplo, se estudamos o corpo humano, podemos incluír aspectos relacionados coa saúde.
- De unidades didácticas con tópicos relativos a estas materias.

Non obstante, os profesores valorarán en cada momento cal é o proceso que mellor se axusta ás súas pretensións educativas.

8. Normas de relación cos alumnos

As normas pretenden ser claras, e orientadas a corrixir exclusivamente aqueles aspectos que xeren indisciplina. As normas deben ser constantes; as dúbidas e comportamentos ambivalentes prexudican máis que axudan; é obrigado actuar con uniformidade ante problemas parecidos aínda que valorando todas as situacións e singularidades que acompañan a estes feitos.

9. Normas de relación cos pais

O centro facilitará aos pais información sobre o réxime de funcionamento (PEC, PCC).

Os tutores facilitarán a cooperación educativa entre pais e profesores:

- Informando a principio de curso aos pais do grupo de alumnos/as, do horario do alumnado, do profesorado de cada disciplina, das faltas e das xustificacións, do RRI, das horas de tutoría, etc.
- Velando polo control da asistencia do alumnado, comunicándolle oportunamente aos pais e indicando o alcance da faltas de asistencia.
- Informando aos pais da marcha académica dos seus fillos, do seu rendemento e dificultades, mantendo o contacto oportuno cos pais e profesores do grupo

Os profesores, naqueles casos en que os alumnos/as teñan dificultades especiais, poderán entrevistarse cos pais.

A participación dos pais na coordinación do Centro realizarase a través dos seus representantes no Consello escolar.

Se potenciarán todas aquelas iniciativas que conduzan a mellorar a comunicación e coordinación entre os profesores, tutores e pais.

A Xunta Directiva do Centro colaborará e manterá unha comunicación fluída coa Asociación de Pais, tanto para intercambiar información como para colaborar con esta nas actividades culturais que organice.

10. Marco Lexislativo

LEXISLACIÓN QUE REGULA A ENSINANZA SECUNDARIA OBRIGATORIA E O BACHARELATO

Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 4 de maio de 2006).

Real Decreto 732/1995, de 5 de maio polo que se establece os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros.

Real Decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE do 14 de xullo de 2006).

Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regula as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde do 30 de xullo de 2007 pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.

Real Decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas (BOE do 6 de novembro de 2007).

Corrección de erros do Real Decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas (BOE do 7 de novembro de 2007).

Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Orde ESD/1729/2008, do 11 de xuño, pola que se regula a ordenación e se establece o currículo do bacharelato (BOE do 18 de xuño de 2008).

Orde do 29 de maio de 2008, pola que se autoriza a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coa nova ordenación establecida pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (DOG do 4 de xuño de 2008).

Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 23 de xuño de 2008).

Corrección de erros do Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 22 de outubro de 2008).

Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 27 de xuño de 2008).

Orde do 25 de xuño de 2008 pola que se establece a relación de materias optativas do bacharelato, o seu currículo e se regula a súa oferta (DOG do 27 de xuño de 2008).

Resolución do 11 de setembro de 2008, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establecen os modelos dos documentos oficiais de avaliación do bacharelato (DOG do 23 de setembro de 2008).

Orde do 23 de setembro de 2008 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato, e se establece o seu currículo (DOG do 29 de setembro de 2008).

Real Decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades españolas (BOE do 24 de novembro de 2008): se aplicará para o acceso ao curso 2010-2011

Corrección de erros do Real Decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades españolas (BOE do 28 de marzo de 2009)

Orde ESD/3725/2008, do 12 de decembro, sobre avaliación en Bacharelato no ámbito de xestión do Ministerio de Educación, Política Social e Deporte (BOE do 22 de decembro de 2008)

Orde EDU/1434/2009, do 29 de maio, pola que se actualizan os anexos do Real Decreto 1892/2008, do 14 de novembro, polo que se regulan as condicións para o acceso ás ensinanzas universitarias oficiais de grao e os procedementos de admisión ás universidades españolas (BOE do 4 de xuño de 2009)

Orde do 23 de xuño de 2009 pola que se amplía a oferta de materias optativas do bacharelato, e se establece o seu currículo (DOG do 1 de xullo de 2009)

Orde do 28 de xullo de 2009 pola que se establecen medidas para facer efectiva a aplicación da sentenza do 2 de febreiro de 2009 da Sala Terceira do Tribunal Supremo sobre a avaliación e promoción en primeiro de bacharelato (DOG do 3 de agosto)

Circular do 25 de setembro de 2009 pola que se ditan as Instrucións da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa sobre a promoción no Bacharelato no réxime ordinario, dun curso incompleto do sistema educativo definido pola Lei Orgánica 1/1990, do 3 de Outubro, a outro da Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio

LEXISLACIÓN QUE REGULA A EDUCACIÓN SECUNDARIA (E.S.A.) PARA PERSOAS ADULTAS

Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se regula a educación básica para as persoas adultas e se establece o seu currículo na Comunidade Autónoma de Galicia. D.O.G. nº 142 de 23 de xullo de 2008.

Orde de 20 de xullo de 2009 (DOG 31 de xullo de 2009) pola que se regulan as ensinanzas as ensinanzas para persoas adultas pola modalidade presencial na Comunidade Autónoma de Galicia.

Circular 3/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e o funcionamento dos centros de Educación Secundaria que impartan Ensinanzas Básicas de Educación para Persoas Adultas polas modalidades presencial e a distancia.

Circular 4/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións sobre a organización e posta en funcionamento das Ensinanzas de Bacharelato para Persoas Adultas nas modalidades presencial e a distancia nos IES.

Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención a diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.

Orden de 16 de febrero de 2009 por la que se regula o desenvolvemento da avaliación diagnóstica na Comunidade Autónoma de Galicia.

Resolución do 18 de maio de 2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento da avaliación de diagnóstico nos centros educativos da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao ano 2009.

ANEXOS

Reglamento de Régime Interno

Plan TIC

Plan Convivencia

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

REGULAMENTO DE RÉXIME INTERIOR

NORMAS DE CONVIVENCIA

Para obtelos mellores resultados do proceso educativo é necesario que no centro educativo exista un clima de **responsabilidade, traballo e esforzo**. Para iso é imprescindible que os dereitos recoñecidos ós alumnos, superando a mera declaración programática, impregnen a organización do instituto, incidindo na vida cotiá do mesmo (cfr. *REAL DECRETO 732/1995, do 5 de maio, polo que se establecen os dereitos e deberes dos alumnos e as normas de convivencia nos centros [BOE, 2 junio 1995], exp. mot.*), así como toda a normativa que figura no P.E.C.

A convivencia entre persoas que teñen os mesmos dereitos é fonte de deberes para tódolos que comparten os mesmos obxectivos. Velaí a necesidade dunhas normas de convivencia que desenvolvan, concreten e adapten os deberes dos alumnos – os profesores e o persoal non docente teñen regulados os procedementos e as correccións por incumprimento dos seus deberes – , establezan os mecanismos que permitan garanti-lo seu cumprimento e regulen as relacións entre os distintos sectores da comunidade educativa naqueles aspectos non recollidos na lexislación vixente.

CAPÍTULO I

Deberes dos alumnos e corrección das conductas contrarias ás normas de convivencia.

Sección 1ª: Deber e dereito do estudo

Art. 1. Asistencia a clase.

1. En tódalas aulas existirá un parte de asistencia que deberá ser cumprimentado e asinado polo profesor en todas as horas lectivas, facendo constar nel as faltas de asistencia e puntualidade e calquera outra incidencia. Este documento constitúe a acreditación da presenza ou ausencia, tanto dos alumnos como do profesor.
2. Os motivos da non asistencia a clase dos alumnos deberán comunicarse, nun prazo máximo de tres días, ó titor/a do grupo mediante un escrito en impreso do Centro asinado polos pais ou titores legais do alumno ou por este, se é maior de idade e co matricula na quenda de adultos.
3. As faltas de asistencia dos alumnos serán comunicadas mensualmente por escrito ós pais ou titores legais polo Titor/a do grupo. Diariamente comunicaranse as faltas de asistencia por Teléfono, e-mail ou sms.
4. Cando a falta de asistencia dun alumno implique non realizar unha proba de carácter avaliador, esta poderá ser realizada só no caso de que o motivo da ausencia se xustifique mediante documento oficial (certificado médico,...). En caso contrario terase por non realizada.
5. De acordo co previsto no *Real Decreto 732/1995, art. 44, 2*, cando as faltas dun alumno, no período dunha mesma avaliación, cheguen ás 18 horas nas materias de 4 horas semanais, 12 horas nas de 3, 9 horas nas de dúas ou 4 horas nas de 1 poderá considerarse que ese alumno non pode ser avaliado cos criterios ordinarios de avaliación continua e terá que realizar unha proba fixada polo Departamento responsable da materia. Esta decisión será tomada polo profesor respectivo e comunicada por escrito ós pais ou titores legais do alumno ou a este se fose maior de idade, dando notificación da mesma ó Xefe de Estudos e ó Titor/a do grupo.
Do mesmo xeito, para a ensinanza de adultos, a falta de asistencia reiterada ás actividades de formación é motivo de perda do dereito de avaliación continua nos seguintes casos:
 - Nun ámbito ou materia cando o número de faltas de asistencia sen xustificar superen o 10 % do horario establecido.
 - En todos os ámbitos e materias cando o número de faltas de asistencia sen xustificar supere o 30 % do horario establecido para todos os ámbitos ou materias nos que estea matriculado.Todo alumno/a de segundo e primeiro de bacharelato acollido a excepcionalidade a que fai referencia a Orde do 24 de xuño de 2008 –art. 10. 6 e 7- e a Orde do 28 de xullo de 2009 –art. 1 e 2- e que desexe permanecer no bacharelato ordinario (diúrno) – sempre e cando exista dispoñibilidade de prazas- deberá cumprir coas mesmas obrigas que o resto do alumnado do grupo. O incumprimento destas obrigas será motivo de apertura dun expediente disciplinario.
6. Toda falta inxustificada deberá ser obxecto de amoestación escrita por parte do Titor/a dando notificación ó Xefe de Estudos. Cando un alumno leve acumuladas 12 faltas en períodos de clase, inxustificadas no prazo dun mes e recibido as amoestacións prescritas considerarase que, pola circunstancia de reiteración, a súa conduta é “gravemente prexudicial para a convivencia do Centro” e será sancionado seguindo o

procedemento establecido a tal efecto. Igualmente a partir do terceiro retraso na entrada, terá carácter de falta grave.

7. Cando se prevea que un alumno vai faltar a clase máis dun día, os pais ou titores legais deberán notificar esta circunstancia e os motivos ó Titor/a do grupo. Se un alumno falta a clase dous días seguidos, sen ter constancia dos motivos, o Titor/a deberá poñerse en comunicación coa familia para informarse da súa situación.
8. As faltas de asistencia por razóns xerais deberán ser comunicadas á Xefatura de Estudos polo menos con 48 horas de antelación. Esta comunicación deberán facela os delegados dos grupos afectados ou a Xunta de Delegados se os motivos transcenden ó ámbito do Centro. A comunicación farase mediante un escrito, indicando as razóns da mesma, ou achegando a convocatoria se esta procede de organizacións legais externas ó centro. As faltas de asistencia por razóns xerais non comunicadas polo procedemento anterior consideraranse inxustificadas a tódolos efectos. Sendo consideradas, neste caso, falta grave. Os días de folga, tódalas actividades docentes sinaladas antes da firma do conflito, serán mantidas polos profesores/as.
9. Cando falta un profesor, os alumnos deben permanecer na aula co profesor/a de garda, que deberá pasar lista e cumprimentar o parte de asistencia cos datos de ausencias, retrasos e calquera outra incidencia. Cando non sexa posible a atención dos alumnos na aula, a Dirección tomará as medidas oportunas.

Art. 2. Respecto ós horarios do Centro.

1. Os alumnos do réxime ordinario do diúrno deben permanecer no recinto escolar durante todo o horario. Cando por circunstancias teñan que abandonar o Centro en horario lectivo deberán contar co consentimento escrito dos pais ou titores legais e a autorización da dirección do Centro. No caso da ESO os alumnos/as serán recollidos pola familia. Os alumnos/as de bacharelato confirmarán por teléfono o consentimento escrito.
2. O respecto ós horarios do centro esixe puntualidade na entrada. Cando soa o primeiro toque o alumnado comezará a dirixirse cara as súas aulas, de maneira que cando soe o segundo se atopen xa nelas. As faltas de puntualidade tamén anotaranse no parte de aula. Os alumnos/as que cheguen co retraso, presentaran o carné do Instituto en Conserxería, e pasarán a biblioteca, sendo sancionados cando teñan o terceiro retraso.
3. Non existen tempos mortos nos cambios de clase, de xeito que estes deben facerse utilizando o menor tempo posible ao fin de respectar os períodos lectivos de 50 minutos.
Na ensinanza de adultos os períodos lectivos serán de 45 minutos. Este alumnado poderá baixo a súa responsabilidade saír do recinto escolar naqueles períodos que non teñan actividade académica.
4. Durante as horas de clase os alumnos non poderán permanecer nos corredores., e nos cambios de clase os alumnos/as deben permanecer nas aulas
5. Cando falta un profesor, os alumnos deben permanecer na aula co profesor/a de garda, que deberá pasar lista e cumprimentar o parte de asistencia cos datos de ausencias, retrasos e calquera outra incidencia, e decidir as actividades a realizar na aula. Cando non sexa posible a atención dos alumnos na aula, a Dirección tomará as medidas oportunas.

6. Cando os alumnos de Bacharelato ordinario non teñan clase a primeira ou última hora da mañá ou da tarde, so poderán entrar ou abandonar o Centro, previa comunicación escrita aos pais/nais remitida pola Dirección.

Art. 3. Aceptación das orientacións dos profesores.

1. O titor/a debe establecer, con carácter xeral, a colocación dos alumnos na aula. Non obstante, cada profesor poderá adaptala ás necesidades da súa propia materia.
2. Os alumnos deben estar provistos do material didáctico e instrumental esixido, prestar atención ás explicacións do profesor e participar activamente no desenvolvemento da clase. O incumprimento deste deberá ser corrixido polo Titor mediante a realización de traballos específicos en horario non lectivo.
3. O incumprimento reiterado desta esixencia será considerado “conduta gravemente prexudicial para a convivencia no Centro”.

Art. 4. Respecto e consideración ós profesores.

1. O respecto mutuo entre profesores e alumnos implica a clara conciencia, por ámbalas dúas partes, da diversidade dos respectivos papeis e funcións.
2. O respecto á función do profesor é incompatible con calquera expresión ou actitude de desobediencia, desprezo, insulto, burla ou similares.
3. As faltas de respecto dos alumnos deben ser corrixidas mediante amoestación do Profesor ou Titor e comunicadas á Xefatura de Estudos, que adoptará as medidas oportunas.

Art. 5. Respecto ó dereito ó estudio dos compañeiros.

1. Tendo en conta que o dereito ao estudo é a esixencia básica nun centro educativo, deberán evitarse con especial coidado os feitos e actitudes que dificulten ou impidan o exercicio deste dereito.
2. Considéranse especialmente contrarias a este dereito as actitudes de burla ou menosprezo da actividade académica dos alumnos.
3. Os profesores deberán corrixir inmediatamente calquera desas condutas mediante unha amoestación escrita que deberá ser comunicada á Xefatura de Estudos.

Sección 2ª: Dereitos e deberes fronte á comunidade escolar

Art. 6. Respecto á liberdade de conciencia e ás conviccións relixiosas e non discriminación de ningún membro da Comunidade Educativa.

1. Tódolos membros da comunidade educativa deben ser conscientes da importancia e riqueza que supón convivir con persoas de distintas, ideoloxías, culturas, relixións, razas, etc.
2. A convivencia entre persoas diversas esixe un clima de respecto e tolerancia, incompatible con todo tipo de discriminación.

3. Para acadar ese clima de respecto e tolerancia é necesario evitar calquera tipo de expresións, escritos ou feitos que manifesten ofensa, desprezo ou burla de ideoloxías, crenzas ou persoas ou exaltación de persoas ou actitudes intolerantes.

Art. 7. *Respecto á dignidade, integridade e intimidade de tódolos membros da Comunidade Educativa.*

1. O respecto ás persoas esixe evitar todo tipo de malos tratos, sexan de carácter físico (empuxóns, patadas, puñetazos, agresións), verbal (insultos, alcumes, desprezos públicos, resaltalos defectos), tecnolóxicos (mensaxes ó móbil, gravacións, fotos u outros), psicolóxico (diminuíla autoestima, fomentala inseguridade ou o medo) ou social (illar a alguén do grupo). Permitir ou colaborar na entrada ao Centro a persoas alleas ao mesmo, sen motivo relacionado co mesmo. Cometer furtos, roubos ou calquera acto punible dentro dos códigos xurídicos e de convivencia.
Calquera destes actos ou semellantes deberá ser comunicado á Dirección do Centro.
2. Se as condutas anteriores se manifestan con abuso de superioridade ou con reiteración ou se realizan en grupo serán consideradas como o grado máximo de “gravemente prexudiciais para a convivencia do centro” coas circunstancias acentuantes as que se refire o *Real Decreto 732/1995, art. 45, 2*.
3. A vestimenta deberá estar dentro do decoro de cada situación (por exemplo, non pantalóns deportivos, bañadores, camiseta de tiras, chancletas, etc). Da mesma forma non se poderá utilizar gorras, viseiras, etc., dentro do edificio.
4. Non se poderá fumar en todo o recinto escolar e edificio, tanto en período lectivo como non lectivo, así como nas oficinas destinadas á atención directa ó público (Cfr. *Decreto 75/2001, do 22 de marzo, sobre control sanitario da publicidade, subministración, venda e consumo de produtos do tabaco*, art. 10).
5. A difusión e/ou consumo de substancias estupefacientes ou alcohol será considerada “conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro”.
6. No recinto do instituto os alumnos non poden introducir teléfonos móbiles nin aparatos gravadores ou reprodutores de imaxe e son. Cando se detecte a presenza dalgún deses aparatos será entregado na Dirección, que comunicará a incidencia os pais/titores do alumno. Tomando as medidas pertinentes
7. Así mesmo calquera actitude de encubrir ou colaborar nos actos citados neste art. terá a mesma consideración que a conduta que se encubre ou coa que se colabora.

Sección 3ª: Dereitos e deberes fronte ó centro

Art. 8. *Respecto ó Proxecto Educativo do Centro.*

1. Non poderán realizarse no centro actividades impropias dun centro educativo: xogos (de cartas, electrónicos, de apostas) linguaxe groseira, xestos e posturas irrespectuosas, etc.

2. Na realización de actividades extraescolares ou complementarias estarán vixentes tódalas normas deste regulamento. Dichas actividades son de carácter obrigatorio, sempre que non supoñan un desembolso económico gravoso.
3. A participación nas actividades extraescolares e complementarias poderá ser restrinxida para aquel alumnado que haxa sido sancionado reiteradamente ao longo do período escolar.
4. Nas actividades extraescolares con duración de varios días (viaxes fin de ciclo, viaxe de estudos, etc.) os alumnos asistentes non poderán ter máis de 5 materias no último período escolar, nin haber sido sancionado coa perda de asistencia ao centro.
5. As decisións sobre os apartados 3 e 4 poderán ter unha excepcionalidade, que será estudiada e decidida pola Dirección do Centro.

Art. 9. *Deber de participar na vida e funcionamento do Centro.*

1. Para poder facer efectivo o dereito e o deber de participación no funcionamento do Centro cada grupo deberá contar cun delegado/a coas funcións que establece o *Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria*, art. 114 e un subdelegado/a que o substituirá en caso de ausencia ou enfermidade e o apoiará nas súas funcións.
2. Para organizar as eleccións de delegados e subdelegados os Titores de cada grupo, por delegación do Xefe de Estudos, convocarán e presidirán durante o primeiro mes do curso a sesión de elección de delegado/a e subdelegado/a.
 - a) Sinalada a data da elección, abrirase un prazo de cinco días para presentación de candidaturas. Se non houbera candidatos, serán considerados elixibles tódolos alumnos/as do grupo.
 - b) Para realizar a elección constituirase unha mesa electoral, presidida polo Titor/a e integrada por dous alumnos escollidos ó chou, o máis novo dos cales actuará como secretario. Os membros do alumnado que presentaron as súas candidaturas a delegado poderán dispoñer dun breve tempo antes da votación para manifestar á súa intención e expoñer as súas ideas programáticas.
 - c) A elección realizarase por sufraxio directo, secreto e non delegable. Cada alumno/a poderá depositar unha papeleta na que faga consta-lo nome da persoa que desexa que represente o grupo. Resultará elixido delegado quen obteña a maioría absoluta na primeira votación. En segunda votación elixirase o subdelegado. De non acadala maioría absoluta ningunha das persoas votadas na primeira votación, deberá realizarse unha segunda volta entre os catro membros do alumnado que tivesen maior número de sufraxios, na que abundará con obte-la maioría simple. En caso de empate, atenderase ós seguintes criterios prioritarios: 1) maior número de votos na primeira volta; 2) maior idade.
3. O delegado transmitirá ó profesorado do grupo e ó titor as inxerencias dos seus compañeiros e colaborará con eles para a resolución dos problemas ou dificultades que poidan xurdir. En ausencia deste ou por delegación é substituído polo subdelegado.
4. Os delegados actuarán como voceiros do grupo e serán ponte de comunicación entre os seus compañeiros e os profesores e os órganos de goberno do centro. No exercicio

desta función teñen o dereito a ser atendidos nas súas xestións e non poderán ser sancionados polo axeitado cumprimento de tal misión.

5. Os delegados poderán reunirse fóra das horas de clase (e só excepcionalmente en tempo lectivo), previa comunicación á xefatura de estudos e autorización desta, para tratar asuntos que afecten ó colectivo de alumnos. Dos acordos tomados que incidan na actividade do centro trasladarase comunicación á xefatura de estudos.
6. A destitución dos delegados e subdelegados producirase no caso de seren sancionados pola comisión de faltas graves ou cando o órgano competente así o decida, a proposta fundamentada da dirección, por haber constancia do incumprimento reiterado das funcións que os representantes do alumnado teñen asignadas.
7. Se a maioría absoluta do alumnado dun grupo solicita a substitución do(s) seu(s) representante(s), en escrito razoado e asinado polos demandantes dirixido á dirección, esta aceptará a petición e daralle instrucións ó titor para que se proceda a unha nova elección.
8. Os delegados e subdelegados poderán presenta-la súa dimisión en escrito dirixido á dirección que deberá oír-las razóns alegadas e aceptala no caso de que o representante dimisionario se ratifique na súa decisión. Neste caso procederase a unha nova elección.
9. A Xunta de delegados de alumnos (cfr. *Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria*, art. 107-113) deberá reunirse, polo menos, unha vez por trimestre cos Xefes de Estudos para analizar os aspectos máis relevantes do desenvolvemento da actividade do centro, expoñer as deficiencias de funcionamento e suxerir as melloras ou correccións pertinentes no ámbito da súas competencias.

Art. 10. *Deber de coidar os bens mobles e instalacións do Centro.*

1. Os alumnos/as teñen o deber de conservar os bens mobles e as instalacións do centro en perfecto estado de utilización. Consideraranse, xa que logo, condutas contrarias ás normas de convivencia as que atenten á limpeza e hixiene do centro (tirar papeis, desperdicios, xiz e borradores ó chan; luxar o chan, as paredes, os teitos, as mesas, as cadeiras ou calquera outro obxecto...) así como o deterioro dos materiais e instrumentos didácticos.
2. Cando nunha aula se detecte unha situación de sucidade non derivada do uso normal da mesma, o profesor/a deberá esixir que o grupo se faga cargo da súa limpeza inmediata ou notificar a circunstancia á Xefatura de Estudos.
3. Os alumnos de cada aula son responsables da conservación das instalacións e mobiliario da mesma. As avarías ou danos detectados na aula deberán ser comunicados ó Secretario do Instituto polo delegado/a do grupo.
4. Os danos causados individual ou colectivamente de forma intencionada ou por negligencia deberán ser reparados, cando sexa posible, en horas non lectivas ou facerse cargo do custo económico da súa reparación (Cfr. *Real Decreto 732/1995, art. 44, 1*). O non facelo implicará que tales feitos sexan consideradas “conduta gravemente prexudicial para a convivencia do centro”.
5. Os alumnos beneficiarios do programa de gratuidade dos libros de texto quedarán obrigados a conservar en perfecto estado os libros de texto entregados e devolvelos ao centro ao finalizar o curso escolar (Cfr. *Orde do 8 de xuño de 2004 pola que se*

convoca o programa de gratuidade dos libros de texto en centros sostidos con fondos públicos para os niveis obrigatorios e gratuítos para o curso 2004-2005, art. 13).

6. Os alumnos que non devolvan os libros ou o fagan en condicións de non poder ser reutilizados deberán facerse cargo do custo económico da súa reposición.
7. Os alumnos que non cumpran as obrigas anteriores non poderán recibir a correspondente axuda para o curso seguinte nin realizar calquera trámite administrativo no centro (matrícula, traslado, certificación de estudos, etc).

Art. 11. *Deber de respectar as pertenzas dos membros da Comunidade Educativa.*

1. Os membros da comunidade educativa non poderán utiliza-los espazos do centro que no estean autorizados para cada un deles.
2. Os danos causados nas pertenzas dos membros da comunidade educativa (libros, materiais de escritura ou debuxo, material deportivo, material electrónico ou audiovisual, de laboratorios, roupas e calquera outro obxecto) deberán ser reparados ou facerse cargo do custo económico da súa reparación, e tomando as medidas disciplinarias pertinente

CAPÍTULO II

RELACIONES ENTRE OS SECTORES DA COMUNIDADE EDUCATIVA

Art. 1.- *Relación entre Profesores e Alumnos*

1. O delegado do grupo será encargado do parte de faltas, e de entregalo en conserxería al final da xornada.
2. Os profesores non poderán dar por terminada unha clase nin permitir a saída dos alumnos da aula antes de que soe o timbre (50 minutos diúrno - 45 minutos adultos).
3. O comezo do curso os profesores de cada materia notificarán, preferentemente por escrito, ós alumnos os contidos, procedementos de avaliación e criterios de cualificación.
4. Os profesores deberán adapta-los exames ó tempo de duración das clases. Cando existan razóns que fagan isto imposible, poderán utilizarse as tardes de acordo cos alumnos e autorización da Xefatura de Estudos. Estes cambios non poderán provocar horas libres intercaladas no horario lectivo dos alumnos.
5. Os profesores ensinarán ós alumnos as probas escritas que se realicen durante o curso, unha vez cualificadas, nun prazo máximo de quince días despois de realizadas.
6. Os profesores deberán programar as probas de carácter cualificadorio tratando de evitar a coincidencia nas mesmas datas. A eses efectos no taboleiro de cada aula haberá unha folla na que o delegado de grupo anotará as datas dos exames.

Art. 2.- *Comunicación entre Profesores e Pais/Titores dos alumnos.*

1. A canle ordinaria de comunicación entre os pais/titores dos alumnos e o Instituto será o titor/a do grupo ao que pertence o alumno/a . A estes efectos, os titores/as comunicarán aos pais dos alumnos/as a hora fixada dentro do horario lectivo do Centro para podelos recibir.
2. Para facer posible a comunicación dos pais cos profesores nos aspectos establecidos pola Orde do 28 de agosto de 1995 pola que se regula o procedemento para garantir o dereito dos alumnos de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato a que o seu rendemento escolar sexa avaliado conforme a criterios obxectivos, art. 3 e 4, tódolos profesores – sexan ou non titores – terán no seu horario, unha hora semanal para poder recibir, previa cita, aos pais ou titores legais dos alumnos.

Art. 3.- Comisión de Convivencia.

1. Segundo o establecido no Real Decreto 732/1995, art. 6 e ó abeiro do Regulamento Orgánico dos Institutos de Educación Secundaria, art. 45, 2 , unha Comisión de Convivencia presidida, por delegación do Director, polo Xefe de Estudos e integrada por un Profesor/a, un pai/nai, un alumno/a e o representante do persoal non docente. Ver anexo Plan de Convivencia.

CAPÍTULO III

CLASES DE INFRACCIÓNS

- Son infraccións das normas, os quebrantos respecto do contido en Leis, e normativa da Consellería de Educación, de PEC do centro e das normas de réxime interior.
- As infraccións clasifícanse en **leves, graves e moi graves**.
- Considéranse ***infraccións disciplinarias leves***, aquelas que sen ningunha reincidencia anterior en falta algunha, non sexa gravemente prexudicial para a convivencia, e poida quedar na relación profesor/a, Xefatura de Estudos e alumno/a. Esta falta pode traer consigo a advertencia ben de palabra ou escrita.
- Considéranse ***infraccións graves***, aquelas reincidentes das leves, ou as que se consideren gravemente prexudicial contra as normativas. Estes tipos de infraccións terán comunicación por escrito e unha sanción para a rectificación da conduta, e poderá ser con reparación económica, traballo social. traballo académico ou estudio no Centro en horas non lectivas.
- Considéranse **falta moi grave**, á reiteración de faltas dos apartados anteriores, ou aquelas que sexan gravemente prexudiciais para a convivencia do centro na súa principal manifestación. Estas sancións levan consigo a perda dos dereitos á asistencia

ao centro de un a tres días ou a apertura dun expediente disciplinario con decisión do xuíz instructor.

